Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25054 (12/POC-004054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 3 máis

Sobre o proxecto do parque eólico Avoceta Wind, que se localizará en varios concellos de Ourense, os seus posibles prexuízos para a veciñanza e a política que vai desenvolver o Goberno galego nesta materia na presente lexislatura

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25055 (12/POC-004055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación relacionada coa construción do gasoduto Guitiriz-Zamora e as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto da conexión de Galicia á rede europea BarMar

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25056 (12/POC-004056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia trasladou ao Goberno central no relativo á regulación das comunidades enerxéticas de base cidadá, especialmente no que atinxe ao recoñecemento das comunidades de montes en man común neste sentido

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25057 (12/POC-004057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as previsións canto á ampliación do polígono industrial de Ribadavia e as necesidades de solo empresarial nesta comarca

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25059 (12/POC-004058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre os novos patróns na actividade turística e a necesidade de reconsiderar o actual modelo para afrontar as consecuencias do cambio climático, como os cambios nos fluxos de turistas, a masificación en determinadas zonas ou as tensións no mercado da vivenda

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25061 (12/POC-004059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas e estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego para o impulso e a consolidación dos sectores industriais na comarca de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25062 (12/POC-004060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a política eólica do Goberno galego, a admisión a trámite polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da reclamación da empresa Fergo Galicia Vento S. L. pola anulación da autorización do seu proxecto na serra do Oribio e os fondos públicos destinados ao pagamento de indemnizacións derivadas destas anulacións

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25077 (12/POC-004061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a estratexia que está a desenvolver o Goberno galego para promover o uso da lingua galega no tecido socioeconómico

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25082 (12/POC-004062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Insua Lema, Óscar



Sobre o carácter da actividade institucional da conselleira de Política Social e Igualdade, os criterios para incluír ou non os seus diferentes actos na axenda pública e a relación de entidades, empresas ou institucións coas que se reuniu nesta lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 25084 (12/POC-004063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as valoracións que fai o Goberno galego verbo da atención aos maiores e ás persoas dependentes en Oia e da necesidade de dotar este concello dun centro de día público

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25087 (12/POC-004064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas rehabilitadas e adxudicadas ata a actualidade, concretamente en 2023 e 2024, ao abeiro do programa Rexurbe e as actuacións realizadas durante 2024 cos investimentos executados do devandito programa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25094 (12/POC-004065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre a evolución no último ano e no actual da violencia machista e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego no que atinxe á mellora dos recursos e á colaboración coas demais administracións para a prevención nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25098 (12/POC-004066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25102 (12/POC-004067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o número de prazas públicas de ensino infantil de 0 a 3 anos existente na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes e as opcións que ofrecerá o Goberno galego ás familias que queden sen este servizo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25109 (12/POC-004068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos



Sobre as previsións da Xunta de Galicia e as medidas que adoptará no referido ás necesidades de rehabilitación da estrada LU-611 no concello de Taboada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25113 (12/POC-004069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a situación do pequeno e mediano comercio galego, a eficacia das medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a súa supervivencia e a eventual posta en marcha dun plan integral para a promoción deste sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25116 (12/POC-004070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre o traballo preventivo e de inspección levado a cabo pola Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, as previsións para 2024 e o grao de desenvolvemento dos instrumentos de control que ten a Administración autonómica neste eido, así como sobre a existencia do Consello Galego de Seguridade Industrial

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25118 (12/POC-004071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre o investimento realizado polo Goberno galego no grupo atuneiro Atunlo nos últimos quince anos e as medidas que prevé desenvolver, no contexto marcado pola crise desta empresa, para garantir o emprego e a actividade no sector mar-industria

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25122 (12/POC-004072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación coa acollida de menores migrantes non acompañados e as declaracións realizadas pola conselleira de Política Social e Igualdade ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25126 (12/POC-004073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 5 máis

Sobre o impacto no medio natural, no sector primario, no emprego e no patrimonio que produciría o proxecto de Altri nas comarcas afectadas pola súa actividade

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25133 (12/POC-004074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a evolución do sistema de acollemento familiar na nosa comunidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25134 (12/POC-004075)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance e o alcance das actividades dos centros Quérote+ en cada unha das súas áreas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25138 (12/POC-004076)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre os resultados do Plan de simplificación e axilización da dependencia e a discapacidade desde a súa posta en marcha e as previsións do Goberno galego respecto do seu próximo desenvolvemento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25142 (12/POC-004077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o grao de execución dos proxectos tractores anunciados polo Goberno galego desde 2020 e que se veñen desenvolvendo nestes catro anos, así como sobre os seus datos canto a investimento, emprego, empresas privadas involucradas e participación da Xunta de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25147 (12/POC-004078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as mudanzas que se aveciñan na industria da automoción pola transición enerxética, o seu impacto na área de Vigo e as razóns de que o Goberno galego aínda no puxese en marcha medidas para facilitar a instalación dunha fábrica de baterías ou un plan estratéxico

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25148 (12/POC-004079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o novo plan industrial proposto por Navantia, as demandas da parte social dos seus centros en Ferrol e a opinión do Goberno galego sobre a posibilidade de recuperar a construción naval civil e de conseguir unha mellora do seu impacto económico nesa comarca

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25151 (12/POC-004080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis



Sobre as condicións comerciais das vendedoras e vendedores de prensa escrita, a valoración que fai o Goberno galego respecto da pertinencia dunha regulación do modelo de distribución e as xestións que realizou para o cumprimento do acordo parlamentario do 21 de setembro de 2017
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 25155 (12/POC-004081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25160 (12/POC-004082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre as razóns dos novos criterios empregados pola Xunta de Galicia na convocatoria de 2025 para a concesión de axudas á gandaría de montaña en zonas con limitacións naturais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25164 (12/POC-004083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre as políticas de financiamento do Sistema universitario e Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25168 (12/POC-004084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a continuidade do Hospital Provincial de Pontevedra, a conveniencia de mellorar as súas infraestruturas e as previsións orzamentarias, o calendario e o plan de usos para o novo Hospital de Montecelo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25172 (12/POC-004085)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 6 máis

Sobre a contía e as condicións das axudas convocadas o pasado 29 de abril a proxectos colectivos destinados a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 25175 (12/POC-004086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as accións, a vixencia e a contía do acordo asinado entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC destinado a mellorar a produción de ameixa rubia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 25180 (12/POC-004087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25185 (12/POC-004088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria da Coruña e Cee

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25190 (12/POC-004089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25197 (12/POC-004090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os datos da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2024 e as estratexias ou os plans que prevé desenvolver o Goberno galego nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25202 (12/POC-004091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de prolongar ata Bueu a liña directa de autobús que existe entre o Hospital de Montecelo e o concello de Marín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25207 (12/POC-004092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego verbo das demandas de obras de mellora no acceso e na zona exterior do complexo residencial de maiores de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25212 (12/POC-004093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria



Sobre a estratexia que desenvolve a Xunta de Galicia en materia de atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres e as previsións que ten nesta materia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25216 (12/POC-004094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o tempo de presenza do presidente do Goberno galego no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) durante a caída da subministración eléctrica do pasado 28 de abril

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 24892 (12/POC-004113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as condicións en que se desenvolve o transporte escolar na Costa da Morte

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Katherinie Varela Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Xustificación da Urgencia:

A urgencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes que eviten a perda da oportunidade de acceder a unha vivenda en alugueiro a un prezo alcanzable.

O acceso a unha vivenda accesible está a ser un compromiso e unha acción prioritaria na que din coincidir todas as administracións e, con esta finalidade, están en marcha diversas medidas para incrementar o parque de inmobiliario de características sociais, mellorar a regulación e ofrecer maiores axudas.

Non obstante, non todos os gobernos dan mostra deste compromiso. Vémolo co que está acontecer coas vivendas en aluguer social de Xuxán (A Coruña) onde as novas condicións impostas desde a administración central levan a subas non asumibles para os cooperativistas e obriga a moitos deles a renunciar a súa adxudicación.

Esta situación afecta a unha promoción de 224 vivendas protexidas en alugueiro na cidade da Coruña, construídas sobre chan público adxudicado en 2023 pola Xunta de Galicia en réxime de dereito de superficie, a 50 anos e cun canon practicamente simbólico. Unha iniciativa que ademais, contou cunha subvención de fondos do plan de recuperación, transformación e resiliencia por importe total de 10.748.754 €.

Esta cooperativa foi a primeira en acollerse ao convenio aprobado o pasado mes de agosto entre o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, para financiar a construción de vivendas en alugueiro accesible e desde entón mantén conversas para formalizar esta disposición de fondos.

O problema vén derivado do modelo de financiamento que o ICO pretende impoñer agora para financiar a construción das vivendas. Esta entidade de crédito, coa consideración de Axencia Financeira do Estado, modifica substancialmente as condicións, establecendo un modelo que fai inviable o acceso dunha parte importante



dos socios cooperativistas, xa que obriga a uns desembolsos que desvirtúan totalmente o carácter social da promoción.

Este conflito está a xerar unha lóxica preocupación entre os cooperativistas que vén como desaparecen as súas expectativas de acceder a unha vivenda en alugueiro a un prezo alcanzable. O endurecemento das esixencias para acceder ao financiamento malogra os esforzos que as distintas administracións realizan en apoio dos promotores de novas vivendas e o obxectivo social destes apoios.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do conflito que afecta á cooperativa de vivendas en alugueiro social de Xuxán (A Coruña) onde a imposición de esixencias por parte do ICO malogra as expectativas de acceder a unha vivenda a un prezo alcanzable e o carácter social da promoción?
2. Que xestións ten previsto facer a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana e outras entidades dada a importancia da actuación proposta e os fondos públicos asignados a esta promoción?

Santiago de Compostela, 5 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/05/2025 13:36:51

Carmen Pomar Tojo na data 05/05/2025 13:37:12

José Luis Ferro Iglesias na data 05/05/2025 13:37:29

Cristina Campero Dorado na data 05/05/2025 13:37:40

María Deza Martínez na data 05/05/2025 13:37:52

Katherinie Varela Fernández na data 05/05/2025 13:38:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/05/2025 13:38:24

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/05/2025 13:38:37



Gonzalo Trenor López na data 05/05/2025 13:38:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura polo procedemento de urxencia.

Xustificación de Urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia de implantar as medidas anunciadas de cara ao próximo curso escolar

A Xunta de Galicia vén de presentar toda unha serie de medidas de mellora ao programa E-Dixgal que se introducirán a partir do próximo curso e que permitirán seguir avanzando nun modelo de ensino híbrido, de calidade e equitativo. Tal e como explicaron os responsables do Goberno galego, todo o paquete de melloras supón un primeiro paso que se irá completando con outras accións.

Os cambios concentraranse en cinco grandes ámbitos, que foron identificados logo dun exhaustivo traballo de campo con consulta aos docentes e ás familias a través de reunións, cuestionarios e grupos de discusión. Son os seguintes: contidos e materiais, formación do profesorado, benestar dixital do alumnado, seguridade e apoio ás familias e optimización da propia xestión do programa.

Con estas novas medidas, a Xunta de Galicia non só atende as novas realidades sociais e o sentir da comunidade educativa, senón que cumpre un dos compromisos recollidos polo Partido Popular no programa electoral ao tempo que atende os acordos aprobados unanimidade polos grupos representados no Parlamento de Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral polo trámite de urxencia:

- En que se concretarán as melloras do programa E-Dixgal?





Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 09/05/2025 12:13:11

Víctor Baladrón Lamas na data 09/05/2025 12:13:23

José Luis Ferro Iglesias na data 09/05/2025 12:13:33

Carmen Pomar Tojo na data 09/05/2025 12:13:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/05/2025 12:14:08

Patricia García González na data 09/05/2025 12:14:22

Raúl Santamaría González na data 09/05/2025 12:14:30

Julio García Comesaña na data 09/05/2025 12:14:43

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/05/2025 12:14:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación do CEIP da Gándara no Concello de Narón.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación xerada diante da situación de risco grave e inminente para toda as persoas da comunidade educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do CEIP A Gándara, no Concello de Narón, é nesta altura literalmente insostíbel e de risco. Malia as continuas comunicacións por parte do centro, as denuncias públicas da comunidade educativa, e mesmo as iniciativas do BNG, a Xunta segue negando a este centro as necesarias obras de reparación, o que ten provocado xa situacións de risco.

Nos últimos 12 meses producíronse 3 desprendementos de cascotes, dous deles en horario en escolar, un xusto na entrada do centro e o último dentro dunha aula, o que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

significa que os 370 alumnos do centro, persoal docente, familias e persoal de servizos vive a diario unha situación de risco.

Ante este novo episodio a comunidade educativa do centro demanda a realización inmediata das obras comprometidas, mais a Xunta contesta negando a realización das obras no presente ano e sen anunciar unha data certa para a súa realización.

Ao estado das fachadas e aos desprendementos súmanse as pingueiras continuas no interior do centro, o mal estado do tellado, que é de fibrocemento, igual que o estado das ventás, a necesidade de aumentar o espazo cuberto do patio exterior e de remodelar a pista polideportiva que na actualidade acumula tanta auga que cando chove parece unha piscina.

Desde o BNG facemos nosas as protestas e demandas que sobre está a transmitir dun xeito unánime toda a representación da comunidade educativa do centro.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do estado de risco grave e inminente do CEIP da Gándara no Concello de Narón?
2. Por que a Xunta de Galiza desatende as demandas do equipo directivo deste centro? Acaso non as considera graves, ou necesarias?
3. Cónstalle á Xunta de Galiza que a estrutura do edificio deste centro de ensino estea fora de risco?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que opina a Xunta de Galiza de que haxa placas de fibrocemento nun tellado que deixa pasar auga no centro de ensino?

5. Que opina a Xunta de Galiza de que haxa pingueiras nas aulas ou de que as xanelas non pechen?

6. Como considera a Xunta de Galiza que afectan estas eivas nas instalacións do centro no número de matrículas?

7. Por que a Xunta de Galiza desbota a realización das obras comprometidas en xuño do ano 2024?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 12/05/2025 13:33:46

José Manuel Golpe Acuña na data 12/05/2025 13:37:16

Mercedes Queixas Zas na data 12/05/2025 13:37:33

Cristina Fernández Davila na data 12/05/2025 13:37:47

Iria Taibo Corsanego na data 12/05/2025 13:38:05

Daniel Castro García na data 12/05/2025 13:38:08

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 13:38:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a creación de novas VPP baixo o programa Rexurbe durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamnos información específica e concreta que non foi adecuadamente respostada. Por exemplo, requiríase nas nosas preguntas que se nos especificase cal fora o número de vivendas de promoción pública que se entregaron en 1º adxudicación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante o ano 2023 baixo o programa Rexurbe. Porén a resposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi absolutamente vaga e insuficiente, sinalando unicamente que había “33 vivendas do programa Rexurbe con obras rematadas e 134 en distintas fases de desenvolvemento. ”

Esta resposta demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a evolución do programa Rexurbe no noso país. As citadas 33 vivendas non se aclaran en que datas foron impulsadas, nin tampouco en que datas foron adxudicadas. Por tanto formulamos as seguintes preguntas para que o goberne aclare cal é o avance das vivendas de promoción públicas rehabilitadas co programa Rexurbe, prometidas na mencionada estratexia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas novas vivendas de promoción pública do programa Rexurbe, foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2022?
- Cantas novas vivendas de promoción pública do programa Rexurbe, foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2023?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2022?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2023?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas en contratación das obras de construción durante o ano 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas en contratación das obras de construción durante o ano 2023?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 10:28:04

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 10:28:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os datos de execución orzamentaria destinada ao impulso de novas vivendas de promoción públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometéase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamnos información específica e concreta que non foi adecuadamente respostada. En concreto sinalábamnos as deficiencias que se observan en termos orzamentarios para facer efectiva ditas promesas e realizamos as seguintes preguntas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?*

- *Que valoración fai o executivo galego da execución orzamentaria en materia de vivenda no ano 2023?*

Porén a resposta con número 6130 ofrecida pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi nula. Non existe en toda a resposta nin unha soa mención ao orzamento dispoñible, nin ao orzamento executado.

Ante esta falla de resposta, que o goberno galego emprega sistematicamente para evadir a súa obriga de rendición de contas, vémonos na obriga de volver a preguntar o seguinte:

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 na promoción de vivenda pública?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 para impulsar as vivendas promovidas por promotores privados e concellos comprometidas na mencionada estratexia?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 na promoción de vivenda pública a través do programa Rexurbe?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 en axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal materia de vivenda comprometidas na mencionada estratexia?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 en adquirir vivendas da SAREB?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?

- Cal é o orzamento total executado para acadar os obxectivos da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 10:38:10

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 10:38:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o número de novas vivendas de promoción públicas licitadas durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “*o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda*”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “*Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende este grupo solicitábamnos información específica e concreta sobre o avance de dito plan que non foi adecuadamente respondida. Á nosa pregunta sobre o avance das vivendas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promoción pública prometidas, a resposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi absolutamente vaga e insuficiente, sinalando unicamente que *“Actualmente hai preto de 1.000 vivendas de nova construción en distintas fases, dende a execución de obras á licitación, e prevense novas licitacións en solos propiedade da Xunta ou cedidos polos concellos.”*

Esta resposta demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a creación de vivenda pública no noso país. As citadas 1.000 vivendas que se atopan en distintas fases de execución, non se aclaran en que fase se atopan, nin cando estarán concluídas, nin cal foi a súa data de inicio. Por tanto formulamos as seguintes preguntas para que o goberno aclare cal é o avance das vivendas de promoción públicas prometidas na mencionada estratexia, durante as anualidades xa concluídas de 2022 e 2023.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2022?
- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2023?
- Cantas das vivendas de promoción pública licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras dende o ano 2022, foron xa adxudicadas e entregadas?
- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para obras de construción durante o ano 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para obras de construción durante o ano 2023?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 10:45:57

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 10:46:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Paulo Ríos Santomé, deputadas e do deputado **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á inclusión na nova licitación da concesión do transporte público do Barbanza dun servizo entre os concellos da zona e a estación de ferrocarril ubicada en Catoira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, o conselleiro de Presidencia transmitiulle aos alcaldes da comarca do Barbanza que a concesión do transporte regular na zona sería obxecto dunha nova licitación.

Segundo se fixo público pola propia Consellaría, “a medida busca garantir a prestación do servizo segundo as demandas e necesidades das persoas usuarias, detectadas a través do labor de seguemento que está a realizar a Xunta ... e cumprir o acordo unánime do Parlamento no que se instaba ao Goberno a empregar todas as ferramentas incluídas no Prego de cláusulas administrativas para a mellora na prestación do seu servizo público na comarca do Barbanza”, que fora impulsado polo BNG e tomado na Comisión 2ª o 30 de novembro de 2023.

Sen dubida, unha decisión que satisface a este Grupo Parlamentar e, de seguro, ao conxunto da cidadanía da comarca, despois de anos denunciando as moitas deficiencias e incumprimentos por parte da empresa concesionaria do transporte no Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, se o que se quere lograr por parte da Consellaría é precisamente dar resposta ás demandas e necesidades das persoas usuarias do transporte público nesa comarca, é imprescindible coñecer tamén que, ademais da mellora dos servizos que xa se prestan, existe unha alta demanda de ampliación dos mesmos.

Nomeadamente, resulta incomprensíbel que a conexión, a día de hoxe, entre a nosa comarca e a beira sur da ría de Arousa sexa practicamente inexistente, máxime cando hai un número importante de persoas, sobre todo estudantes mais non só, que se desprazan acotío á estación do ferrocarril ubicada en Catoira, por ser a máis cercana, para facer uso dos trens hacia Santiago, A Coruña, Pontevedra, Vigo ou outros destinos.

Un servizo de autobús que conecte a comarca do Barbanza con esa estación de ferrocarril é unha necesidade e, nun primeiro momento, pode consistir nunha liña Catoira-Ribeira as fins de semana, que permita voltar aos estudantes os venres á tardiña. Do mesmo xeito, os domingos en sentido Ribeira-Catoira, con paradas nos catro concellos da comarca.

En definitiva, de levarse a cabo, sería o comezo dun servizo de autobús ata o de agora inexistente e que, en función dos usuarios e usuarias do mesmo, podería ampliarse paulatinamente, tanto no referido aos horarios como ao número de paradas.

Se, tal e como recoñeceu a propia Consellaría de Presidencia no mes de xullo, “a importancia estratéxica do transporte público fai precisa unha actualización constante que atenda as demandas reais e se adapte ás características territoriais ...”, é máis acaído ca nunca considerar a necesaria conexión entre as dúas beiras da ría de Arousa, co obxectivo de facilitar a mobilidade e a accesibilidade á mesma no conxunto do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da conexión por medio de autobús público entre o norte e o sur da ría de Arousa na actualidade?

. De considerala deficiente, que medidas ten levado e vai levar a cabo para melloralala e intensificala?

. Dispón de informes, estatísticas, enquisas ou algún outro tipo de dato que indique ou aproxime o número de usuarios e usuarias procedentes da comarca do Barbanza que utilizan acotío a estación de ferrocarril de Catoira? De ser así, que conclusións se tiran da súa análise?

. Conta con solicitudes ou peticións de particulares e/ou entidades da comarca do Barbanza para establecer un servizo áxil e eficaz entre a beira norte e sur da ría de Arousa? De ser así, cal é a resposta que se lle ten dado dende a Consellaría de Presidencia?

. Considera que é factíbel establecer a curto prazo un servizo de autobús público que achegue aos usuarios e usuarias da comarca do Barbanza á estación de ferrocarril de Catoira, a que lles é máis próxima?

. Diante do anuncio da Consellaría de Presidencia, relativo a unha nova licitación da concesión do servizo de transporte público na zona do Barbanza, está disposto o Goberno galego a incluír no prego de cláusulas o establecemento da conexión entre esa comarca e, cando menos, a estación de ferrocarril de Catoira? De non ser así, que fórmulas contempla para conectar por medio de autobús público ambas as dúas marxes da ría de Arousa?

. De igual xeito, dentro desa nova licitación, vai contemplar a posíbel necesidade de ampliación progresiva dese servizo de conexión entre o Barbanza e Catoira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/05/2025 11:25:54

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2025 11:26:10

Paulo Ríos Santomé na data 02/05/2025 11:26:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa a que Augas de Galiza asine un convenio para colaborar no financiamento da nova EDAR no concello da Illa de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Illa de Arousa é un concello mariñeiro de menos de 5.000 habitantes enclavado no centro da Ría de Arousa. Conta cunha EDAR que foi posta en marcha no ano 2003 por Augas de Galiza na zona de Testos. O modelo e a tecnoloxía escollidas provocaron desde o inicio do seu funcionamento o incumprimento da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

Como consecuencia das reiteradas vulneracións da directiva europea de tratamento da augas residuais urbanas o Estado español vese inmerso en varios expedientes sancionadores. Debido a isto, declarouse de interese xeral do Estado a construción dunha nova EDAR na Arousa pola Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, Disposición adicional centésima sexaxésima primeira “Depuración y Saneamiento de A Illa de Arousa”.

No mes de maio asinouse o convenio entre ACUAES e o Concello para a construción da depuradora de Niño de Corvo.

As únicas inversións do Estado na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, declaradas de interese xeral, foron a EDAR e colector de Ribeira, xa executada, a da Arousa en Niño de Corvo, en licitación, e a de Santiago de Compostela. No caso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ribeira asinouse un convenio entre o Estado (ACUAES) e Augas de Galiza e financiaron o 100% da inversión. No caso de Santiago de Compostela acábase de asinar un convenio a tres partes ACUAES, Augas de Galiza e Concello.

A colaboración co financiamento por parte da Xunta de Galiza coas obras declaradas de interese xeral acordouse xa no ano 2020 entre a Conselleira Ethel Vázquez e o Secretario de Estado de Medio Ambiente Hugo Morán a cambio de que o Estado realizase inversións no tramo estatal dos fondos europeos en Galiza.

No Informe da Xunta de Galiza sobre a estratexia para mellorar o saneamento e depuración das Rías galegas 2023-2027 no apartado Modelo competencial e o papel da Xunta de Galiza destácase:

“A administración galega tamén ten competencias na colaboración técnico-administrativa coas corporacións municipais, co obxectivo de apoiar aos municipios na dotación de infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de saneamento e depuración da súa competencia”.

Ademais tamén asume a programación, proxección e execución e/ou explotación de actuacións que se declaren de interese da Comunidade Autónoma, e participa no financiamento das grandes infraestruturas hidráulicas executadas polo Goberno Central.

A pesar de todo o exposto, no caso da EDAR da Arousa, despois de reiteradas solicitudes e reunións, Augas de Galiza négase a colaborar no financiamento, o que para o BNG é a todas luces un trato discriminatorio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de que Augas de Galiza non colabore no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa en Niño de Corvo?

Non debería ser prioritario para a Xunta de Galiza garantir a existencia dunha EDAR da Illa de Arousa, que garanta que non se produzan vertidos á Ría?

Vai rectificar a súa posición e asinar un convenio con ACUAES para colaborar a través de Augas de Galiza no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa en Niño de Corvo, na mesma porcentaxe con que o fixo por exemplo nos concellos de Ribeira e Compostela?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2025 11:35:54

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 11:36:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a tramitación do proxecto eólico Hedreira, de competencia estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico está a tramitar o proxecto do parque eólico Hedreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

O proxecto prevé a instalación de 13 aeroxeradores, catro deles con un diámetro de rotor de 150 m e unha altura de buxe de 90 m, e dos nove restantes con un diámetro de rotor de 162 m e unha altura de buxe de 119 m. As infraestruturas de evacuación, compartidas con outros proxectos, están integradas pola subestación eléctrica colectora (SET) Suido, desde a que se proxecta unha liña de alta tensión (LAAT) de 132 kV, con unha lonxitude aproximada de 11 km, até a segunda SET denominada “SET Colectora Paraño 132/400 kV, desde a cal partirá unha LAAT 400 kV, de 186 m de lonxitude, ata a SET “Beariz” 400 kV, titularidade de REE.

No mes de abril de 2024 fíxose público o informe de determinación ambiental do proxecto no que se advirte da afección a hábitats e especies de interese comunitario, a especies protexidas ou ameazadas catalogadas, ao medio hídrico, ao patrimonio cultural, á paisaxe, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto das afeccións sinérxicas con outros proxectos próximos, o informe de determinación ambiental sinala a existencia nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Sinala o informe de determinación ambiental que “O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio”.

O parque eólico Hedreira resulta ser un novo proxecto, con cambio de nome e ampliación de potencia, do parque eólico Alto da Puza, tramitado pola mesma promotora e que contou con unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galiza.

Esta declaración desfavorable baseouse nun informe negativo do Instituto de Estudos do Territorio, qu sinalaba que “os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora”.

A maior abundamento, na tramitación deste proxecto e noutros como o do parque eólico Carballoso, na mesma zona, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai referencia a que “no lugar están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede Galega de espazos naturais”. E tamén a Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Natural salienta a “existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suido”. Indicáse tamén que “Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Xunta sobre o proxecto eólico Hedreira, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión, reformulación do parque eólico Puza?

Que informes fixo a Xunta sobre o proxecto do parque eólico Hedreira?

Mantén o goberno galego os informes de afección que levaron a aprobar unha declaración de impacto ambiental desfavorable do parque eólico Puza?

Ten previsto o goberno galego protexer espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede Galega de espazos naturais?

Ten previsto a Xunta declarar como ben de interese cultural o conxunto etnográfico de construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suido?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Xosé Manuel Golpe Acuña
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 11:41:37

José Manuel Golpe Acuña na data 02/05/2025 11:41:44

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2025 11:41:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns a estrada autonómica PO-253 entre Ponteareas e Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-253 é unha estrada autonómica que une as localidades de Ponteareas, dende a parroquia de Prado, ata o municipio limítrofe de Pazos de Borbén, atravesando as parroquias de Prado, Pías, Fozara e Paredes. Unha estrada de moito tráfico xa que a veciñanza destas catro parroquias se desprazan a diario ata o centro de Ponteareas por motivos de traballo, estudos, compras ou servizos públicos como a Delegación de Facenda, Xulgados, Seguridade Social, centro de saúde, etc.

Na actualidade a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro, chea de fochancas e parches e en moitos lugares o asfalto está desnivelado producindo que os vehículos den saltos cando meten os seus neumáticos nas distintas irregularidades.

É necesario tamén reducir a velocidade máxima en algunhas zonas de rectas con interseccións a ambos lados nas parroquias afectadas, que ocasionan situacións de perigo en lugares onde existen marquesinas de autobús escolar, realizando amais a sinalización vertical coas novas limitacións.

Por outra parte esta estrada atravesa que atravesa este territorio fai que as veciñas e veciños deban desprazarse a diario a pé polas inseguras cunetas cara a outras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vivendas, á igrexa, ao cemiterio, ao centro cultural ou instalacións deportivas. Este tramo tamén dispón de varias marquesiñas de paradas de liña de autobús regular e escolar, que carecen de espazo suficiente entre o asfalto e os peches das vivendas, supondo un perigo para as persoas usuarias. Así, atopámonos a diario á veciñanza a pé por un vial sen beiravías e sen espazo delimitado fora do reservado para o tránsito dos vehículos.

Polo tanto, sería preciso realizar un estudo máis completo a este respecto, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona moi poboada, para que no proxecto de mellora do asfaltado poida incluírse unha zona de seguridade para as e os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns, limitación da velocidade onde sexa preciso, marquesiñas seguras, etc.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

- Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo e a posterior participación cidadá que valore as opcións para mellorar a seguridade de vehículos e peóns na PO-253 ao seu paso polas parroquias de Prado, Pías, Fozara e Paredes en Ponteareas e que prazos se fixan para a execución desta obra prioritaria para o Concello e a súa veciñanza?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2025 11:47:29

Paulo Ríos Santomé na data 02/05/2025 11:47:40

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 11:47:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a Herba da Pampa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existen especies de flora e fauna que ao ser trasladadas a ecosistemas que non lle son propios adoptan un comportamento invasor. Deste xeito poden chegar a ameazar con facer desaparecer outras especies e provocar graves perdas económicas (a nivel agrícola, gandeiro e forestal) e impactos sobre os ecosistemas e as paisaxes autóctonas que se ven afectados pola súa presenza. A introdución destas especies invasoras é considerada a segunda causa de perda de biodiversidade a nivel mundial pola UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza). Os seus efectos, a parte da mingua da biodiversidade no territorio, recaen sobre a saúde no tocante ás alerxias, cuxo período primaveral se prolonga coa súa presenza incontrolada.

As especies invasoras teñen varias características en común, unha delas é que carecen de inimigos naturais, dado que estes só existen nos seus ecosistemas de orixe, e teñen unha alta taxa de reprodución a través de mecanismos moi eficientes, coma por exemplo a lonxevidade das súas sementes ou unha enorme capacidade de adaptación.

Unha das especies invasoras presentes dende a década dos 80 en Galiza é a Herba da Pampa ou plumacho arxentino, que afecta xa ao 30% dos concellos galegos e cuxa invasión xeneralizada se produciu no país ao tempo que se desenrolaban infraestruturas tales coma autoestradas e autovías, sendo tamén reservorio os polígonos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industriais. Trátase dunha planta herbácea orixinaria de América do Sur da familia das gramíneas que, nos meses de setembro e outubro está pecha de sementes nos penachos de plumeiro que poden acadar grandes diámetros. A *Cortaderia selloana*, que é o nome científico desta planta, é considerada coma unha das vinte especies exóticas invasoras máis prexudiciais do estado español no seu conxunto.

A súa elevada capacidade de diseminación levouna tamén á comarca do Deza, estando moi presente no concello de Lalín. Neste concello pódese atopar nas vías paralelas á AP-53, nos terrapléns desta vía, o Auditorio de Vilatuxe, o Paseo do Pontiñas e parcelas preto do edificio do Concello ou a Rolda Leste, por exemplo. Nesta época é importante non tocar, coller ou segar este tipo de plantas para evitar transportar e esporexer ditas sementes, co que iso significa no aumento da súa invasión, polo que a concienciación da poboación e a información desta con respecto a esta problemática é chave á hora de deter o seu avance no país.

Dada a importancia de deter esta invasión a tempo e evitar maiores efectos negativos no futuro, grupos de veciños lalinenses que actúan de xeito altruísta tratan de censar e eliminar os plumeiros da Herba da Pampa para evitar a súa dispersión e crecemento de novas plantas no outono, extraendo en doce puntos distintos da localidade máis de medio cento de plantas, co que iso implica a nivel de evitar a súa diseminación.

Na Lei 2/2019 do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia atribúense as competencias no tocante ás especies invasoras á consellería competente, que neste caso se trata da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza. É de competencia autonómica levar a cabo un seguimento das especies exóticas con potencial invasor en Galiza, podendo, dentro do seu ámbito competencial, elaborar plans que conteñan directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados.

Cabe salientar que a UE conta cun Life Coop- Cortaderia do Arco Atlántico, con atención prestada tamén o Camiño de Santiago en Portugal ata fronteira da Galiza, no que participan entidades portuguesas ou a propia CCAA de Cantabria como socios deste Life, que inclúe tamén entidades ambientais galegas, caso da Asociación Galicia Ambiental. Sorprende que non conte coa participación da Xunta de Galiza, cando trata dun ambicioso proxecto europeo de cooperación interrexional na erradicación de especies invasoras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que medidas está a desenvolver a Xunta de Galiza a través da Consellería de Medio Ambiente para a xestión, control e erradicación da Herba da Pampa no concello de Lalín?
2. Está a Consellería de Medio Ambiente recompilando e rexistrando datos sobre a incidencia no medio da Herba da Pampa no concello de Lalín?
3. Proporcionáronse medios humanos ou económicos por parte da Xunta de Galiza para a loita contra a Herba da Pampa que emprenderon varios grupos de veciños do concello de Lalín?
4. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo un plan informativo sobre especies exóticas invasoras para a poboación, onde se expoñan cales son e as medidas de control para frear o seu avance?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que datos posúe a Consellería de Medio Ambiente sobre a orixe da chegada da especie invasora *Cortaderia selloana* ao concello de Lalín?

6. Que plans se están levando a cabo por parte da Xunta de Galiza para frear o avance da especie invasora nos concellos de interior como poden ser todos os pertencentes á comarca do Deza Tabeirós- Terra de Montes?

7. Foi solicitada colaboración por parte da Xunta de Galiza dende o grupo de veciños que voluntariamente están loitando contra a Herba da Pampa na actualidade en Lalín?

8. Recibiuse notificación da presenza desta especie invasora por parte do goberno do concello de Lalín?

9. Que investimento se está destinando á loita contra a especie invasora na comarca do Deza?

10. Por que renunciou a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias e responsabilidade na loita contra a Cortaderia, contando con posibilidade de financiamento directo por medio deste mecanismo europeo, de formar parte activa como socio no life coop - Arco Atlántico?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/05/2025 11:53:05

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 11:53:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a tramitación por Impulsa Galicia do proxecto tractor de Xestión Sostible dos Bosques Galegos posteriormente denominado “Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante da solicitude de documentación ao abeiro do artigo 9 do regulamento da documentación da tramitación por Impulsa Galicia do Proxecto tractor de Xestión Sostible dos Bosques Galegos ao longo dos anos 2020, 2021 e 2022, o goberno galego enviou a seguinte resposta:

“A Sociedade Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%). Trátase dun instrumento de colaboración públicoprivada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, incorporándoos ao tecido empresarial galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esa é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.*
- Captando investimentos.*
- Consequindo socios industriais.*
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.*

Un dos proxectos impulsados é o “proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas”, denominado durante a súa fase de conceptualización “Xestión Sostible dos Bosques Galegos”.

Unha vez conceptualizado o proxecto, Impulsa Galicia levou a cabo un procedemento de busca de socios industriais para desenvolver o mesmo, sendo finalmente Altri o escollido. Polo tanto, a entidade Altri, a través de Greenfiber S.L., desenvolveu o proxecto que actualmente está en tramitación, e que foi declarado como proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta de Galicia o 29/12/2022”.

Resulta evidente que este escrito cheo de xeneralidades e vaguidades non se corresponde coa solicitude de documentación requirida. Trátase máis ben dun intento burdo de cumprir cun trámite e facer pasar por envío de documentación o que non o é.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón a Xunta oculta a documentación da tramitación por Impulsa Galicia do proxecto tractor de Xestión Sostible dos Bosques Galegos posteriormente denominado “Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas”?

Que estudos de mercado, proxectos, anteprojectos ou propostas presentados por consultoras ou empresas se avaliaron para o desenvolvemento dun proxecto industrial de produción de fibras téxtiles?

Vai a Xunta enviar ao parlamento a documentación da tramitación do proxecto tractor e o memorandum asinado coa empresa ALTRI?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputados e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 11:55:32

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/05/2025 11:55:38

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2025 11:56:18

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2025 11:56:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a postura do goberno galego ao respecto da declaración de mercados tensionados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza continúa dando bandazos na súa posición pública ao respecto da declaración de mercados tensionados. Primeiro de todo, o executivo anunciou a súa negativa a declarar ningunha zona do país como mercado tensionado, a pesar de que son numerosos os concellos ou áreas que compren cos requisitos para ser declarados.

Logo, ante a crítica social que producía esa posición, a Xunta de Galiza comezou a buscar unha fórmula alternativa para trasladar aos concellos a responsabilidade sobre a declaración de mercados tensionados. A través dunha reforma normativa pola porta de atrás, a Xunta atribuíu competencias- que lle son impropias- para o impulso e desenvolvemento da declaración de mercados tensionados, así como das políticas de vivenda que as acompaña, aos concellos. Agora ben, por se acaso, nesa reforma normativa a Xunta reservouse para si a posibilidade de, en última instancia, bloquear a declaración como mercado tensionado que iniciase calquera concello, aínda que este cumpra cos requisitos.

Este aparente cambio deixou titulares como o seguinte: “*A Xunta ábrese a regular a declaración de mercados tensionados*”. O obxectivo do goberno galego era o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de boicotear sen que parecece que boicoteaban e botar as responsabilidades sobre outros.

Mais agora veñen de chamar a filas ao señor Rueda dende Génova e novamente se produce un cambio de estratexia. Dende a súa dirección en Madrid veñen de dar consigna aos gobernos autonómicos a negarse de xeito frontal á declaración de mercado tensionado. A Xunta de Galiza vén de pór o cuño da institución nun documento conxunto e partidista xunto con outros gobernos en que se expresa o seguinte:

“Reafirmamos que é unha decisión potestativa, e por tanto, legal, das comunidades autónomas NON declarar nos seus territorios Zonas de Mercados Tensionados e, por tanto, NON intervir os prezos dos alugueres.”

O recoñecemento de que as Comunidades autónomas teñen potestade para NON declarar Zonas de Mercado Tensionado, implica que tamén a teñen para SI declaralas. Efectivamente, como vimos denunciando dende o BNG, a declaración trátase dunha competencia en materia de vivenda que corresponde á Xunta de Galiza. Porén foi a propia Xunta a que fixo unha modificación normativa eximíndose da responsabilidade da súa declaración e trasladándoa aos concellos. É a propia Xunta a que vén sostendo a tese de que tal decisión xa non está nas mans da Xunta senón que depende dos concellos.

Por tanto, o documento asinado pola Xunta de Galiza ao servizo de Génova é unha autoenmenda á súa propia estratexia en Galiza. Á vista das declaracións do presidente da Xunta de Galiza e da Conselleira competente na materia reproducindo a consigna que lles chega da dirección en Madrid, cabe preguntarse se son coñecedores da súas propias normas e en que situación quedarían as posibles propostas que se realicen dende os concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Se a Xunta de Galiza asegura que a declaración de mercados tensionados é unha decisión potestativa do goberno galego por que modificaron a normativa para trasladar aos concellos as competencias na súa tramitación?
- Vai a Xunta de Galiza a declarar como mercado tensionado as solicitudes dos concellos que cumpran cos criterios establecidos na Lei estatal de vivenda?
- Que novidade aporta o comunicado asinado pola Xunta de Galiza respecto da aplicación de mercados tensionados en Galiza?
- A nova postura supón que a Xunta de Galiza péchase a declarar como zona tensionada calquera concello galego?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 12:15:21

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 12:15:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as vivendas de promoción pública en construción impulsadas nos 100 primeiros días de goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo goberno adquiriu como compromiso fundamental da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, impulsar nos seus primeiros 100 días de goberno 375 vivendas de promoción pública en construción.

Dito período comprende dende o 13 de abril ao 22 de xullo. Segundo as pesquisas realizadas polo Bloque Nacionalista Galego a través da plataforma de contratos públicos de Galiza, durante ese período foron adxudicados os contratos para as obras de construción de 50 vivendas de promoción pública na Coruña e de 38 en Navia, Vigo. Por tanto o total das vivendas de promoción pública adxudicadas para a súa construción nos primeiros 100 días de goberno foi de 88 vivendas.

Por outra parte, foron adxudicados outros 2 contratos para a redacción de proxecto de 104 VPP en Pontevedra e 58 en Vigo. Porén estas 162 vivendas foron apenas licitadas para a súa redacción de proxecto, non computando como vivendas “en construción”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas vivendas de promoción pública foron adxudicadas en contrato de obras de construción entre o 13 de abril e o 22 de xullo?

- Cantas vivendas de promoción pública foron adxudicadas en contrato de redacción de proxecto entre o 13 de abril e o 22 de xullo?

- Considera a Xunta de Galiza cumprido o seu compromiso de impulsar 375 vivendas de promoción pública en construción nos 100 primeiros días de goberno?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 12:33:25

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 12:33:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de a Xunta impulsar políticas públicas de acceso á vivenda para a mocidade na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A vivenda é cada vez máis un problema para a sociedade galega, especialmente para a xente moza, e a Xunta de Galicia ten que responder a esa inxedanza”.

Estas palabras do presidente da Xunta, pronunciadas na rolda de prensa posterior ao consello de goberno do 7 de outubro, constitúen unha afirmación que desde o grupo parlamentario do BNG saudamos, pois replican unha constatación que desde o noso grupo temos manifestado en múltiples iniciativas parlamentarias e demandado actuacións ao goberno da Xunta.

Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas públicas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise en que acceder a unha vivenda se converte nun imposíbel para a maioría social galega.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de quince anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública, vémolos na cidade da Coruña.

As persoas inscritas como demandantes de vivenda pública no rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo supera as 2.300 persoas, mentres A Coruña conta con máis de 20.000 vivendas baleiras, segundo o INE, e as Vivendas de Uso Turístico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non deixan de aumentar, reducindo a oferta habitacional en réxime de aluguer e sen atender á súa regulación por parte da Xunta.

A oferta de vivendas en aluguer segue a diminuír na Coruña e os prezos non deixan de subir, o que obriga a cidadanía a dedicar até o 54,12% do salario medio galego, o que fai inviábel garantir o acceso a unha vivenda digna.

Un problema que na Coruña está a sufrir a xente moza que vén estudar á nosa cidade.

A Coruña é unha cidade universitaria e resulta inexplicable que a día de hoxe non conte con oferta de ningunha praza de residencia pública por parte da Xunta, unha das razóns que está a condicionar, cando non impedir, o acceso á formación educativa universitaria na UDC.

Insuficiente oferta habitacional de aluguer, incremento de prezos abusivos e ausencia de prazas en residencias universitarias públicas están a conformar un contexto de crise extrema que está a negarlle ao estudantado o acceso a unha vivenda digna e mesmo á educación superior.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta que a cidade universitaria da Coruña non dispoña en 2024 de ningunha praza de residencia pública?
- Que programas de acceso á vivenda pública desenvolveu a Xunta na Coruña nos últimos 15 anos?
- Cales deses programas estiveron centrados en facilitar o acceso á vivenda para a mocidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas se compromete a desenvolver a Xunta para resolver a situación tan crítica coa que se encontra a mocidade para acceder á vivenda na Coruña? En que prazo?

- Comprométese o goberno a desenvolver unha bolsa de vivenda pública en réxime de aluguer na Coruña destinada ao estudantado de formación superior? En que prazo?

- Comprométese a ofertar prazas en residencias públicas, rehabilitando infraestruturas existentes e creando outras novas en terreos propiedade da Xunta de Galiza? En que prazo?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/05/2025 12:41:16

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 12:41:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 02/05/2025 12:41:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Paulo Ríos Santomé e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución da obra da construción da senda peonil do Barbaña, treito Os Remedios- Expourense, do eixo de mobilidade sostíbel en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de marzo de 2023 a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade acordou a licitación da construción do treito Os Remedios – Expourense, senda do Barbaña, inserido dentro do eixo de mobilidade sostíbel en Ourense, sendo o importe de licitación de 3.893.163,49€, IVE incluído, e o prazo de execución de 14 meses.

No proxecto, que afectaba a bens do patrimonio histórico e cultural de Galiza e a súa contorna, tales como o Camiño de Santiago, ou a Ponte Romana, conxunto de fontes termais das Burgas ou a Capela da Nosa Señora dos Remedios; facíase constar expresamente que:

“Débese mencionar que, previamente ao comezo das obras, presentarase ante a Dirección Xeral de Patrimonio os itinerarios planificados en obra para minimizar os impactos sobre o Camiño de Santiago e os seus usuarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Será necesario presentar ante a DXP a actuación a levar a cabo no estribo na súa marxe dereita da Ponte Romana para obter a súa aprobación.

Presentado o proxecto á DXP esta resolveu que, dende un punto de vista arquitectónico,:

“As actuacións resultan axeitadas, pero para a autorización definitiva deberán presentar documentación corrixida e completa que permita avaliar o impacto das obras nas zonas de afección sobre elementos culturais senlleiros”

En concreto e no que atinxe ao “sitio histórico das Burgas” a resolución expresaba que *“deberá revisarse a proposta de forma integral de tal xeito que se elimine o trazado proposto buscando unha alternativa de menos impacto e maior posta en valor cultural...”*

Igualmente a DXP, dende un punto de vista arqueolóxico, resolvía autorizar o proxecto, porén cunha condición, que *“Antes do inicios dos traballos ... debe presentarse o proxecto de actuación arqueolóxico proposto, asinado por técnico competente para poder ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”*

Por resolución de 20 de xullo de 2023 acordouse a adxudicación do contrato a empresa Extraco, Construciones e Proxectos, S.A. por un importe total de 3.533.824,36€, IVE incluído, formalizándose o contrato o día 11 de agosto.

Iniciada a execución da obra de construción da senda peonil do Barbaña e estando a piques de vencer o prazo pactado para a súa terminación, a situación actual é a paralización das obras sen que conste o motivo da mesma. A paralización das obras provoca un evidente prexuízo para a cidadanía que ve limitadas as súas posibilidades de transito e circulación tanto pola propia ocupación do dominio público, como polas instalacións provisorias relacionadas coas obras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é a data prevista para a conclusión das obras de construción da senda peonil do Barbaña, treito entre Os Remedios e Expourense, e as consecuencias do seu incumprimento?

Esta previsto a imposición de penalizacións no caso de atraso na conclusión das obras?

Entende a Xunta de Galiza que a execución da obra de construción do proxecto da senda río Barbaña, no treito Os Remedios- Expourense, afecta ao Camiño de Santiago, complexo fontes termiais das Burgas e a Ponte Romana ou a súa contorna?

Cal é a razón da paralización das obras e a instancia de quen se produciu ?

Solicitouse autorización definitiva para a execución do proxecto de construción da senda do río Barbaña coas modificacións e previsións exixidas no seu día pola DXP?

En que data presentouse a solicitude de autorización definitiva?

Cal foi a resposta da Dirección Xeral de Patrimonio?

Con carácter previo ao inicio da execución das obras presentouse ante a Dirección Xeral de Patrimonio proxecto de actuación arqueolóxica para ser autorizado polo referido órgano administrativo?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/05/2025 12:52:37

Paulo Ríos Santomé na data 02/05/2025 12:52:57

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2025 12:53:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as vías de servizo da PO-533.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vías de servizo da estrada de titularidade autonómica PO 533 Lalín-Alto do Faro, dan servizo aos concellos dezaos de Lalín, Dozón e Rodeiro e teñen como obxecto derivar os vehículos pesados para evitar atascos e posibles incidencias derivadas deste tipo de tráfico pesado, por motivos de visibilidade ou pola reducida velocidade á que circulan.

Os concellos citados, en concreto nesa zona que atravesa a estrada PO 533, teñen unha elevada carga de circulación de vehículos para uso agrícola coma tractores, ensiladoras ou camións, pola existencia de grande número de explotacións gandeiras da zona, polo que estas vías de servizo son de elevado uso.

O amaño destas vías de servizo, que xa se ten solicitado por parte dos concellos afectados sen resultado algún en pasados anos, onde os mandatos dos tres municipios eran ostentados por alcaldes do PP, é necesaria dado o estado de deterioro no que se atopan. É preciso proceder a limpar as cunetas e refacer o firme en profundidade, ancheando ambas as dúas partes da vía, garantindo que poidan ser usadas pola maquinaria coa que agora se traballa no sector agrogandeiro, que non ten características semellantes á utilizada con anterioridade e para a que non foron creadas estas vías, que soportan 20 toneladas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesa mesma vía PO-533, á altura das Tecedeiras é precisa a retirada dunha ponte levadiza que está en desuso por falla de acceso á ela e a súa invasión por a matogueira que non se evita, sendo posible evitar incidencias de ser eliminado dito elemento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza arranxar as vías de servizo da estrada PO 533 entre Lalín e o Alto do Faro? De ser así cando se levará a cabo?
2. Levarase a cabo a retirada da ponte levadiza que está á altura das Tecedeiras?
3. Anchearanse estas vías de servizo para adaptalas aos vehículos que transitan por elas na actualidade?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/05/2025 12:59:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 12:59:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de mellorar o firme e dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns á estrada autonómica PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 na entidade menor de Vilasobroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-262 é unha estrada autonómica, de menos de 4 kms., que une a vila de Mondariz no seu enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120. Unha estrada de moito tráfico xa que a veciñanza usa este vial para dirixirse cara a Ponteareas e as súas parroquias ao leste do territorio ou cara á Cañiza pasando por parroquias de Mondariz e O Covelo, por traballo, compras ou servizos públicos como a Delegación de Facenda, Xulgados, Seguridade Social, etc. Tamén é un punto de encontro habitual para as persoas usuarias de instalacións deportivas como o campo de fútbol da Lagoa, con entrenos a diario de multitude de categorías ou as pistas de pádel na N-120 ou diversos restaurantes referentes da zona.

Na actualidade, a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro despois de décadas sen facer un asfaltado integral da mesma, que fai que transitar en vehículo sexa perigoso ao ir esquivando co mesmo as zonas en mal estado.

Tamén é importante ter en conta nesta estrada da Xunta, a necesidade de poder contar cunha senda peonil ou beiravía delimitada, que permita que as persoas poidan desprazarse por ela a pé con total seguridade e protección cara aos vehículos, cuestión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que xa está contemplada na contorna do campo de fútbol da Lagoa, nun pequeno tramo, pero que sería preciso ampliar na súa totalidade para achegarse ata Vilasobroso, por necesidade comercial ou persoal e incluso para aquelas persoas que saen a facer exercicio a diario ou queren visitar un dos espazos turísticos máis relevantes da nosa Comarca: o Castelo do Sobroso.

Unha zona moi desprotexida sería entre a saída de Mondariz no centro urbano, no Muiño de Luis ata o antigo Matadeiro Municipal, das máis transitadas a pé e seguridade cero. Despois entre o Matadeiro e a Ponte de Pontedornes (cara ao barrio de Escobeiro) precisa reparacións nos valados e na senda e a partir de aquí ata Vilasobroso precisa unha nova intervención partindo dun proxecto que garanta a seguridade peonil.

Hai que ter en conta que esta nova senda serviría de conexión coas existentes e moi coñecidas entre as persoas que practican o sendeirismo: a “Senda do Río Xabriña” e a “Senda da Coviña” nos puntos de Pontedornes e tamén no antigo Matadeiro. Aumentando así a extensión do percorrido das citadas sendas, dándolle maior valor natural e paisaxístico e unindo a contorna do Castelo do Sobroso.

Polo tanto, sería preciso realizar un estudo máis completo a este respecto, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona do noso rural onde hai moitas veciñas e veciños que usan esta estrada para os seus desprazamentos en vehículo e tamén a pé, para que no proxecto de mellora do asfaltado poida incluírse unha zona de seguridade para as e os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns e outras medidas de seguridade que se precisen.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo e a posterior participación cidadá que valore as opcións para mellorar a seguridade de vehículos e peóns na PO-262 entre a vila de Mondariz no enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120?

-Que prazos se fixan para a execución desta obra prioritaria para o Concello, a Entidade Menor e a súa veciñanza?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2025 13:02:18

Paulo Ríos Santomé na data 02/05/2025 13:02:38

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 13:05:24



Á Mesa do Parlamento

Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Carmen Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia aprobou a terceira edición do Plan Corresponsables, cun investimento de 1,3 millóns de euros, para fomentar a conciliación a través do deporte. Este plan céntrase en promover a igualdade de oportunidades para homes e mulleres con fillos menores a cargo, proporcionando servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportiva para nenos e mozos de ata 16 anos, organizadas por federacións deportivas.

A conciliación da vida familiar e laboral é un desafío crucial, especialmente para as familias con fillos menores. A través do Plan Corresponsables, a Xunta busca abordar este desafío promovendo a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado dos menores e facilitando a igualdade de oportunidades.

O plan tamén fomenta o deporte base e a práctica de actividade física desde idades temperás, promovendo hábitos de vida saudable, mellorando a saúde física e mental dos participantes, e fomentando valores como o traballo en equipo e a convivencia. Ademais, axuda á creación de emprego de calidade no sector dos coidados, financiando os custos laborais asociados aos servizos de coidado profesional.

A Xunta tamén asinou un convenio coas tres universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, cun orzamento de 585.000 euros, dos cales 547.800 foron achegados pola Xunta.

Con esta terceira edición, a Xunta reforza o seu compromiso coa conciliación, a igualdade de oportunidades e o fomento do deporte base. As federacións deportivas rexistradas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia poden optar ás axudas, que cubrirán o 100% dos custos, incluíndo un pago anticipado do 80% para garantir a prestación de actividades. As federacións beneficiarias poderán recibir ata 75.000 euros para financiar os gastos de servizos de coidado profesional e o desenvolvemento de actividades sociodeportivas.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que consiste a terceira edición do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia?
2. Que accións concretas levarán a cabo neste novo período de desenvolvemento do Plan Corresponsables?
3. Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento da anterior edición o Plan Corresponsables?
4. Cantas entidades participaron no desenvolvemento deste plan de fomento do deporte e a conciliación?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 24837
Data envío: 05/05/2025 10:53:06.113

Asinado dixitalmente por:

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/05/2025 10:49:55

Julio García Comesaña na data 05/05/2025 10:50:08

Paula Mouzo Mas na data 05/05/2025 10:50:27

Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2025 10:50:39

Carmen Pomar Tojo na data 05/05/2025 10:50:52

Paula Prado del Rio na data 05/05/2025 10:51:05

María Felisa Rodriguez Carrera na data 05/05/2025 10:51:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/05/2025 10:51:52

Katherinie Varela Fernández na data 05/05/2025 10:52:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-x3cgYP4D-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O día un de maio, Día Internacional do Traballo, eramos coñecedores a través dun xornal local que o pasado 11 de abril un grupo de refuxiados malienses sufrían presuntamente un acto racista protagonizado por un empregado da compañía adxudicataria.

Os mozos encóntranse formando na Fundación Laboral da Construción e o citado día cando volvían do centro en Vilamarín, onde estudan de luns a venres dende hai dous meses ata o albergue xuvenil de Allariz no que residen.

Os mozos subíronse na estación de autobuses, pero na primeira parada, na Avd. Juan XXII, o autobús estaba completo e ante esta situación, o condutor os foi sinalando un por un, e obrigounos a baixar do vehículo para que entraran as persoas usuarias que estaban esperando fóra.

Ante este intolerable e grave caso de racismo acontecido en Ourense, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

1. Que medidas vai adoptar ou adoptou a Xunta de Galicia en relación coa empresa adxudicataria ante o grave caso de racismo acontecido en Ourense cos mozos malienses que cursan formación na Fundación Laboral da Construción?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2025 11:01:12
- En que curso escolar prevé a Xunta aplicar unha nova zonificación en Vigo?
- Cal foi até o de agora a interlocución social?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que obxectivos se marca a Xunta de cara a unha nova zonificación?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández González**

Carmela González Iglesias

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2025 11:46:06

Carmela González Iglesias na data 06/05/2025 11:48:54

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2025 11:49:26

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2025 11:49:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as garantías de autonomía enerxética nas residencias de maiores e outros centros de atención sociosanitaria diante dun apagamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O apagamento sufrido os días 28 e 29 de abril no conxunto do Estado español puxo en evidencia a dependencia que temos no día a día da electricidade. Actividades cotiás como comer, ducharse ou manter un respirador aceso depende de que haxa luz.

Neste senso, existen servizos públicos moi vulnerables diante de eventuais apagamentos como centros hospitalarios que, precisamente pola súa condición, dispoñen de grupos electrógenos que garanten o seu funcionamento malia que a rede eléctrica caia. Igualmente, centros de atención sociosanitaria como as residencias de maiores deben dispor destes mecanismos.

É por iso fundamental que logo do acontecido se garanta que as residencias de maiores e outros centros de atención a persoas maiores e dependentes dispoñen destes grupos electrógenos. Segundo puido saber o G.P. do Bloque Nacionalista Galego nalgunhas comarcas galegas persoal da Xunta de Galiza que visitou residencias de maiores o día do apagón para saber en que situación se atopaban as usuarias e usuarios puido comprobar que algunhas delas non tiñan luz por non contar con estes mecanismos. Concretamente eran residencias privadas da comarca de Valdeorras xestionadas pola Fundación San Rosendo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Durante o apagamento sufrido os días 28 e 29 de abril, cantas residencias de maiores ten constancia a Xunta de Galiza que non dispuñan de grupos electróxeos?
- Que medidas adoptou a Xunta para garantir o benestar das persoas usuarias durante as horas que estivo sen luz?
- Vai esixir a Xunta de Galiza que as residencias de maiores e outros centros de atención sociosanitaria contén con estes mecanismos?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2025 12:01:27

María Montserrat Prado Cores na data 06/05/2025 12:01:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 06/05/2025 12:01:49

Secundino Fernández Fernández na data 06/05/2025 12:02:53





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O CEIP San Clemente en Caldas é un centro plurilingüe de referencia neste concello, o pasado ano a Consellería de Educación da Xunta de Galicia decidiu suprimir unha das 3 aulas de educación infantil sen que esta decisión estivese xustificada.

Nese momento inscritos nos cursos de educación infantil neste centro había 26 nenos e nenas, dos que dous tiñan unha discapacidade, un de grado II e outro de grado III.

Isto supón 29 prazas se temos en conta o acordo acadado entre o Goberno galego e cos sindicatos Comisións Obreiras, UGT e ANPE no mes de outubro de 2023, que establece que aqueles nenos ou nenas que teñan unha discapacidade de máis do 33 %, unha dependencia de grado I ou un trastorno de conduta grave contarán por dous, o que quere dicir que o máximo nun aula podería quedar fixado en 19 alumnos e alumnas. Se a discapacidade é igual ou superior ao 65 % ou a dependencia é de grado II ou III, o neno ou nena contará como tres.

Ante a denuncia da comunidade educativa e o malestar xerado por esta decisión, o Goberno galego no canto de rectificar, puxo unha solución parche que foi ampliar nunha mestra máis con cargo ao Plan Mega o cadro de persoal de educación infantil e comprometeuse non só de palabra, ante os pais e nais





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 12:32:51
Nº Rexistro: 24963
Data envío: 06/05/2025 12:32:51.030

deste centro, senón tamén por escrito nunha resposta a unha recomendación da Valeduría do Pobo.

Hai uns días abriuse o período de matriculación para o vindeiro curso 2025/26, e o Goberno galego negase a rectificar esta decisión, mantendo as dúas aulas de educación infantil, a pesar de existir 11 novas solicitudes de matrícula e a pesares tamén de que esta decisión vai obrigir a baremar e deixará a nenos e nenas fóra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos o criterio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e requirimos que cumpra non só as ratios establecidas no acordo asinado cos sindicatos en 2023 senón tamén o compromiso adquirido coa comunidade educativa (pais, nais e equipo directivo do centro) a principios deste curso.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai cumprir o Goberno galego o compromiso acadado de recuperar a 3ª unidade de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe San Clemente no concello de Caldas de Reis para o vindeiro curso 2025/26?

Santiago de Compostela, 6 de Maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/05/2025 11:29:48

Julio Abalde Alonso na data 06/05/2025 11:29:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83611

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 12:32:51
Nº Rexistro: 24963
Data envío: 06/05/2025 12:32:51.030

Silvia Longueira Castro na data 06/05/2025 11:30:11

CSV: BOPGDSPG-x3cgYP14D-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

83612

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a contratación realizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ou outros organismos públicos para dotar os centros educativos de material dixital, electrónico ou análogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2021, o daquela Conselleiro de Cultura, Educación e Universidades anunciou a posta en marcha da “**Estratexia Educación Dixital 2030**”, co que sería a primeira acción, o Plan Dixital de Centro, dotado de 19 mill. € para a contratación de 80 docentes de apoio para acompañar aos centros na transformación tecnolóxica nas aulas, a través da Rede Galega de Educación Dixital.

O Conselleiro dicía que daríase un “salto cualitativo” no sistema educativo a través dun “cambio pedagóxico” con propostas específicas na especialización e na personalización da aprendizaxe.

Así, o goberno da Xunta, reservaba 120 mill. euros para os tres anos nos que sería desenvolto este Plan Dixital, dentro dunha estratexia que contemplaba accións coordinadas e planificadas dirixidas á comunidade educativa, coa incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital.

É dicir, técnicas innovadoras dirixidas aos 55000 alumnos/as galegas que, incluídos no programa EDixgal, xa utilizaban o libro dixital nos centros adheridos. Ampliaba a directora de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza) datos como que todos os centros dispuñan de aulas virtuais, integrados na rede de viodeoconferencias docentes, con máis de 21000 persoas usuarias de promedio e picos de ata 100000 persoas usuarias nun día.

En maio de 2022, novamente o Conselleiro de Educación, destacaba a posta en marcha dunha nova acción dentro da Estratexia Educación Dixital 2030, o Programa “Polos Creativos” en 220 centros, coa implementación de equipamento específico para avanzar na dinamización tecnolóxica da educación. Deste xeito impulsaban máis de 23000 unidades tecnolóxicas, cun investimento de 8 mill. €.

A idea central dos Polos Creativos era exercer de catalizadores dun modelo de ensino de vangarda, consolidar comunidades artísticas e tecnolóxicas que estimularan a colaboración e a transformación innovadora.

De todos estes anuncios e notas de prensa aos medios de comunicación, houbo desembarco de materiais dixitais en abundancia en centros adheridos, solicitantes de Polos Creativos (aparells diversos e moi específicos, kits...), mais tamén en moitos onde non había proxecto educativo de ningún tipo como nos centros adheridos, nin profesorado debidamente formado para dirixilo nas escolas ou institutos e acarrexaban un sobrecusto orzamentario para eles ao non estar cuberto pola Consellería o material funxible necesario. Non se preguntou aos centros se o querían ou non, nin tampouco se lles deu a posibilidade de elixir o material que se ía enviar. O material chegaba un día, nomeaban a un/ha docente para coordinar non sabían moi ben o que e obrigaba ao centro nalgúns casos a ter que facer un oco para ter unha aula preparada para ser usada con todo o equipo recibido.

Esta cantidade inxente de material que recaeu nos centros escolares, non pode ser usada así sen máis, senón que require formación e guías para o seu uso e para impulsar actividades co alumnado. É polo que a Consellería debiera facer unha reflexión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da posibilidade de que nalgúns casos non fora usado, ou non se fixera como correspondía.

En moitos casos a persoa docente asignada era interina e debía ser substituída o curso seguinte por outra nas mesmas circunstancias e problemas para facerse cargo dese “proxecto”.

Moito dese material dixital e tecnolóxico contratouse mediante licitacións que se publicaron xa no ano 2021 a través de procedementos negociados sen publicidade (AMT-2021-0041 e AMT-2022-0099), incluso algún destes contratos foi prorrogado. E aínda a día de hoxe vemos como se están entregando paneis dixitais nos centros, ocasionando unha duplicidade de dispositivos dentro das aulas que ten a mesma función e que chegan apenas cun curso ou meses de diferenza. Algo realmente desproporcionado e mostra da falta de planificación e control do gasto orzamentario, precisamente nun servizo básico onde hai carencia doutros recursos, sobre todo de persoal docente. Na comunidade educativa descoñécese a razón pola que, coa chegada destes últimos paneis, coexisten varios nos centros e non saben que hai que facer cos “antigos”, ao non ter ningún comunicado nin información sobre estas últimas chegadas de material que non foi solicitado por ninguén.

Por outra parte, despois de tanta propaganda e autobombo, querendo ser os mellores no Estado e con maior inmersión tecnolóxica, a intención de “incorporación de estratexias docentes e novas técnicas pedagóxicas enfocadas á transformación dixital”, quedou en palabras baleiras, xa que o alumnado tan só mudou os libros en papel por libros dixitais a través do Edixgal, pero o resto do sistema educativo, os métodos de ensinanza ou pedagóxicos non mudaron.

A única avaliación sobre a mellora do sistema escolar coa aplicación de todo este material dixital millonario nos centros escolares, foi unha nota de prensa que di que os resultados educativos no alumnado Edixgal son iguais que o alumnado que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forma parte do Programa Dixital. Foi a partir da presentación dunha enquisa realizada por AnpasGalegas ás familias galegas, con alumnado Edixgal ou non, que a Consellería de Educación admite que é necesario realizar un estudo serio para realizar axustes e realiza unha enquisa entre o persoal docente que usa o Programa Dixital.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Cantos procedementos de contratación se tramitaron na Xunta de Galiza para subministrar aos centros educativos material dixital e tecnolóxico vinculado á Estratexia Educación Dixital 2030? Que orzamento leva executado a Xunta neste programa? A canto ascende o gasto executado en paneis dixitais para centros educativos e cal é o número existente actualmente e cantos quedan por subministrar?

2.- Porque motivo se está a duplicar nas aulas moito do material dixital e tecnolóxico que están a recibir nos centros educativos? É acumulativo ou substitutivo? Son os centros educativos, a través dun programa ou proxecto, os que solicitan o material que precisan para desenvolvelo? Que criterios utiliza a consellería para repartir este material?

3.- Ten o profesorado coordinador destes proxectos a formación suficiente para poder avanzar nos obxectivos dos mesmos co alumnado? Que formación reciben aquel profesorado que se fai cargo de material de Polos Creativos que o centro non solicitou a través dun proxecto?

4.- Considera a Consellería de Educación que o material que estase a entregar na actualidade nos centros cumpre cos obxectivos da Estratexia Dixital, despois de catro anos e nun momento onde se está a cuestionar que teña unha avaliación positiva?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Mellorou en algo a formación e coñecementos do alumnado que traballa con Edixgal e o material tecnolóxico? Que sistemas educativos innovadores e pedagóxicos se están a usar grazas a estes novos métodos dixitais?

6.- Cantos contratos faltan para subministrar os paneis dixitais e resto de material tecnolóxico para cumprir os obxectivos da Estratexia Dixital deseñada pola Consellería? Son iguais todos os paneis dixitais distribuídos nos distintos centros educativos na Galiza?

7.- Existe algún motivo polo que a Consellería de Educación non limitou, nos pregos administrativos de contratación, o número de adxudicacións a unha mesma empresa destes contratos da subministración do material dixital e tecnolóxico?

8.- Vai a Consellería de Educación incluír na vindeira Lei de Educación Dixital de Galiza a creación dunha comisión de asesoramento e seguimento, onde se fixen os criterios para que o material tecnolóxico sirva para a mellora na calidade educativa a través de novos métodos de ensinanza innovadores, educativos e pedagóxicos?

9.- Vai a Consellería establecer un sistema de indicadores de mellora educativa obxectivos para avaliar os resultados da Estratexia Educación Dixital 2030 e os avances educativos entre o alumnado?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2025 12:30:26

Daniel Castro García na data 06/05/2025 12:35:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación de abandono e deterioro da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre (concello de Chantada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia chantadesa de Arcos encóntranse dous elementos arquitectónicos de elevadísimo valor patrimonial que na actualidade se encontran nun estado de conservación deplorable. Trátase da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre, edificios históricos que entraron na lista vermella de patrimonio que se encontra en perigo elaborada pola asociación Hispania Nostra. Dous casos máis de patrimonio desleixado na Ribeira Sacra que se unen a outros moitos casos como o do Pazo de Vilar (Taboada), a Casa de Torno (O Saviñao) ou o Convento de San Salvador de Asma tamén no concello de Chantada.

De acordo coa Asociación Hispania Nostra, a Torre de Arcos e o Pazo de Suatorre (situados a pouca distancia un do outro), están “ameazados por un risco grave de destrución, desaparición ou perda irreversible dos seus valores patrimoniais”. Algo especialmente grave tendo en conta que ambas as edificacións son Ben de Interese Cultural (BIC) e que por tanto son suxeitos de protección especial por parte da Xunta de Galiza. Ademais cóstanos ao Grupo Parlamentar do BNG que se teñen realizado xestións e peticións desatendidas polo goberno galego para conseguir axudas para a restauración dos edificios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Torre de Arcos que data do século XIII e o Pazo de Suatorre do século XVII son dúas verdadeiras xoias do sur de Lugo e da Ribeira Sacra, territorio que aspira a ser nomeado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Non comprendemos por tanto a estratexia da Xunta de Galiza no que ten a ver coa protección do Patrimonio presente nos concellos que conforman a propia Ribeira Sacra. Non ten explicación a ollos do BNG como se pode presentar e defender unha candidatura a Patrimonio da Humanidade sen ter realizado previamente un esforzo importante no relativo á protección e conservación de edificios históricos, xa que son estes un elemento fundamental da perfilación do territorio da Ribeira Sacra ao longo dos anos, un elemento que como se vén demostrando está abandonado por parte do Goberno galego.

É por estes motivos que exiximos á Xunta de Galiza que actúe canto antes para pór remedio a unha situación de desleixo que non debe nin pode ser aceptada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza do estado de conservación da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre?
- Por que non actuou o goberno galego á hora de protexer estes dous edificios cando contan coa distinción de BIC?
- Ten pensado a Xunta facer algo para protexer estes edificios?
- Como defenderá a Xunta de Galiza a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade cando ten decenas de exemplos de abandono de patrimonio arquitectónico espalladas por todo o territorio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2025 12:51:11

Mercedes Queixas Zas na data 06/05/2025 12:51:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as demoras na resolución de solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade en Galiza establece un prazo máximo de tres meses para resolver as solicitudes que se presenten; prazo que empezará a contar dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente.

Porén, a Consellería de Política Social e Igualdade acumula atrasos significativos na tramitación destas solicitudes, especialmente na area de Ourense, vulnerando os dereitos das persoas con discapacidade a acceder a prestacións, axudas e beneficios fiscais, laborais ou sociais.

En 2023, o Valedor do Pobo rexistrou 71 queixas en Galiza pola tardanza nestes procedementos, e en maio de 2024, a Consellería recoñeceu que a espera media era de sete meses, duplicando o prazo legal, cunha lista de 17.000 persoas pendentes de valoración.

Un caso paradigmático en Ourense ilustra a gravidade da situación: unha persoa que presentou a solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade en maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foi informada no pasado mes abril de 2025 que a resolución tardaría un ano máis, sumando un total de dous anos de espera. Esta demora, que contrasta co compromiso da Xunta de axilizar os procedementos a través do Plan de Reforzo de Persoal para a Valoración da Discapacidade 2024-2027, impide o acceso a dereitos fundamentais, como axudas económicas, adaptacións laborais ou a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade, afectando especialmente a colectivos vulnerables en Ourense, unha provincia marcada polo envellecemento (máis de 25% da poboación maior de 65 anos, INE 2023) e a dispersión rural.

Estas demoras vulneran os principios de eficacia e celeridade aos que se debe a Administración Pública, e comprometen o cumprimento da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (ONU, 2006), que no seu preámbulo destaca a importancia da autonomía e da igualdade de oportunidades. No marco do Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura (OPCAT), as condicións de espera prolongada poden agravar situacións de vulnerabilidade, especialmente en casos que requiriran atención urxente. Desde a perspectiva do Bloque Nacionalista Galego (BNG), é inadmisíble que a Xunta non garanta unha tramitación áxil e eficiente, perpetuando a inseguridade xurídica e social das persoas con discapacidade en Ourense. A actual situación require medidas urxentes para superar as limitacións na capacidade de valoración e reforzar os recursos humanos e técnicos na demarcación territorial de Ourense.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Esta a cumprir a Xunta de Galiza o seu deber legal de resolver no prazo de 3 meses as solicitudes para o recoñecemento do grao discapacidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nomeadamente cal é o prazo medio de resolución no departamento territorial de Ourense das solicitudes de recoñecemento do grao discapacidade?

A demora actual, próxima aos dous anos, que se indica no expositivo da presente iniciativa pode considerarse un caso excepcional e puntual ou existen máis solicitudes cuxa resolución se estende por tal período de tempo?

Considera a Xunta de Galiza que a extraordinaria demora no recoñecemento do prazo de resolución é susceptible de provocar prexuízos económicos e sociais nas solicitantes?

No seu caso, ten previsto a Xunta de Galiza a adopción dalgún tipo de medidas para evitar as consecuencias negativas e prexuízos que o incumprimento do prazo máximo de resolucións dos procedementos de recoñecemento de discapacidade provoca nas solicitantes?

Ten previsto por en marcha algunha medida para a axilización e resolución no prazo legalmente establecido dos procedementos administrativos, nomeadamente os de recoñecemento do grao de discapacidade no departamento territorial de Ourense?

Cal é o número de procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade pendentes de resolución no departamento territorial de Ourense?

Cantos cantas solicitudes se presentaron en cada un dos últimos 5 anos?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 15:36:39

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2025 15:37:59

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2025 15:38:51

Sonia Vidal Lamas na data 06/05/2025 15:39:03

Secundino Fernández Fernández na data 06/05/2025 15:39:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o incremento da planta xudicial en Galiza, particularmente en materia de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado vén de trasladar ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha proposta para a creación de 53 novas prazas xudiciais en materia de Violencia Sobre a Muller, 39 de nova dotación e 14 mediante transformación de prazas en unidades de Instrución en Violencia Sobre a Muller.

No caso de Galiza, a proposta implicaría a creación de prazas xudiciais en Ourense e Santiago de Compostela, estendendo a xurisdición destas unidades xudiciais de Violencia a distintos partidos xudiciais que, no caso da unidade con sede en Santiago de Compostela, abranguería Negreira, Padrón, Noia e Ribeira; sen que conste o alcance da suposta comarcalización da unidade con sede en Ourense.

Por outra banda, a necesaria ampliación da planta, en materia de Violencia Sobre a Muller, de Vigo e A Coruña non sería “ex novo” senón que sería a costa da supresión de prazas en Xulgados de Instrución de cada partido xudicial que pasarían a integrarse nas Seccións de Violencias Sobre a Muller do Tribunal de Instancia respectivo.

Dende o grupo parlamentar do BNG máis unha vez insistimos na necesidade de ampliar a planta xudicial nos órganos xurisdicionais en Galiza, nomeadamente en materia de Violencia sobre a Muller e coa creación de novas prazas nos partidos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra, sen que esa creación poda implicar unha mingua da calidade na prestación do servizo de xustiza ás vítimas e a supresión doutras prazas xa existentes.

Igualmente e malia a posibilidade que confire a nova estrutura e organización xudicial establecida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, a creación de novas unidades xudiciais non pode realizarse sen o coherente incremento de postos de traballo na oficina xudicial, tanto no corpo de xestión, como o de tramitación e no de auxilio xudicial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cantas prazas xudiciais e en que órganos considera a Xunta de Galiza cumpre crear en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza necesario que os Tribunais de Instancia de Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Ourense contén con seccións de Violencia sobre a Muller?

Que xestións concretas fixo a Xunta de Galiza para que se creasen tales unidades? En que data e en que consistiron?

Considera a Xunta de Galiza que a sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia do partido xudicial de Santiago de Compostela debería estender a súa xurisdición ate o partido xudicial de Ribeira ou de Noia?

A sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Ourense debería estender a súa competencia a outros partidos xudiciais? No seu caso, a cal ou cales?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que a creación de prazas xudiciais nas seccións de Violencia sobre a Muller debe ser a costa da transformación doutras prazas noutras seccións, nomeadamente de Instrución?

Transmitiu a Xunta de Galiza ao Goberno do Estado a súa postura sobre a creación das prazas xudiciais anunciadas? Cando e cal foi a resposta?

Cal é o número e localización dos postos de traballos dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial que ten previsto crear a Xunta de Galiza neste exercicio de 2025?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 16:37:17

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2025 16:39:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 06/05/2025 16:39:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

O problema non vén pola tecnoloxía de biogás – biometano, senón que vén polo modelo de planta que se está propoñendo, na escasa distancia aos núcleos de poboación e na forma na que están xestionadas: Estanse proxectando plantas de gran tamaño, que requiren un aporte constante e moi elevado de residuos para o seu procesamento, polo que os residuos de preto non son suficientes e tráenos de moito mais lonxe. E, a maior tamaño existe un maior volume de residuos almacenados (cos seus consecuentes olores), mais operacións de descarga de residuos, maior volume de dixestato a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións, incendio, ...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso dos xurros, un dos argumentos para a necesidade das plantas de biogás - biometano, é importante destacar que a biodigestión non actúa sobre o nitróxeno (o gran problema dos xurros) polo que o dixestato resultante ten a mesma cantidade de nitróxeno que conteñen os xurros introducidos no biodixestor.

As plantas de biogás - biometano proxectadas actualmente, considerase que para alimentar o biodixestor non só se ten en conta a materia orgánica convencional senón tamén con materia orgánica procedente de diversos procesos industriais e que, polo tanto, materia que pode conter algunhas moléculas problemáticas: como produtos bioquímicos, residuos que conteñen metais pesados, disolventes orgánicos ou moléculas residuais de antibióticos.

Actualmente hai de numerosos proxectos de plantas de biogás -biometano en Galiza, polo que dende o BNG consideramos que é necesario legislar ao respecto para poñer límites en canto ao tamaño destes proxectos e aos límites que deben manter

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cantas plantas de metanización estás proxectas agora mesmo en Galiza?
2. Cantas plantas de metanización hai operativas en Galiza, cal é o volume operativo e cantas toneladas de biogás producen?
3. Ten a Xunta un plan para o despregue ordenado desta tecnoloxía?
4. Ten pensado a Xunta de Galiza reforzar a rede de gas natural nas áreas rurais para dar cobertura ao despregue destas plantas?
5. Ten a Xunta estudos que amosen o potencial da metanización na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 11:06:26

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 11:18:29

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/05/2025 11:18:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o impulso dunha nova lei de Turismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez superada a COVID-19 a nivel mundial, cunha recuperación do turismo en Galiza, que no ano 2022 superou o récord turístico do 2019 e que pechou o 2023 mantendo o crecemento, ábrense novas oportunidades para o sector no noso país, mais tamén retos enormes.

A pandemia serviu como acelerador dun debate, xa iniciado con anterioridade, sobre o modelo turístico no contexto do cambio climático. A sociedade é agora máis sensible cos problemas derivados do uso de combustibles fósiles e o uso de medios de transporte máis contaminantes. Esa sensibilización supón que, quen viaxa agora, está moito máis preocupado, é moito máis esixente e comprometido coa sustentabilidade económica, social e por suposto, medioambiental, dos destinos que elixe.

Ao tempo, o turismo é unha actividade que se entrelaza con múltiples facetas da vida das comunidades receptoras, e por iso desde o Bloque Nacionalista Galego que debe desempeñar un papel principal nas estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e económica do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O turismo galego precisa de políticas claras e reais de planificación, de xestión de fluxos, de regular actividades e de establecer servizos e infraestruturas turísticas no territorio. Políticas que só serán efectivas se parten de datos cientificamente analizados do comportamento de mercado e das persoas que elixen Galiza, e que deben ter como como un dos seus obxectivos a xeración de valor, baseada en criterios de calidade fronte a cantidade, buscando evitar problemas de sobrecarga nos espazos naturais e urbanos e tratando de atraer un perfil turístico máis rendible social, medioambiental e economicamente.

Outro obxectivo a perseguir é a valorización das nosas singularidades como nación e dos valores que nos definen como pobo, mellorando a través da actuación turística a situación do noso patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e lingüístico.

Tamén é necesaria a diversificación das propostas turísticas, buscando o equilibrio territorial, a minoración de densidades residenciais, a preservación de espazos e a creación de emprego de calidade e estable.

Por suposto, o turismo debe contribuír de xeito efectivo á acción polo clima dado que o cambio climático, a contaminación e a perda de biodiversidade pon en perigo moitas das actividades turísticas que Galiza pode ofrecer.

En resumo, o turismo galego debe ter como principio reitor a sustentabilidade real, que esixe un adecuado equilibrio entre os aspectos ambiental, económico e sociocultural. Sen ese equilibrio non é posible garantir a sustentabilidade a longo prazo.

Mais para acadar todos estes obxectivos é imprescindible adaptar o marco lexislativo actual.

A Lei de Turismo de Galiza (Lei 7/2011, do 27 de outubro), aínda sendo un marco regulador importante no seu momento, hoxe en día está amplamente superada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola vertixinosa evolución do sector turístico, o seu crecemento e o cambio de paradigma provocado pola COVID-19.

Esta Lei non foi quen de adaptarse e responder eficazmente aos novos desafíos e problemas que foron xurdindo, como a masificación de espazos e zonas concretas do noso país, a problemática das vivendas turísticas ou o fenómeno crecente do turismo de caravanas. Nin tampouco proporciona un marco regulador claro para equilibrar os intereses dos residentes locais e os visitantes turísticos. Cuestións todas elas cada vez máis evidentes no noso país, que precisan ser abordadas con responsabilidade e valentía.

Precisamos contar cun marco regulador, cunha normativa turística, cuxo principio reitor sexa a sustentabilidade, que proporcione seguridade, competitividade, estabilidade e futuro ao sector.

Na Exposición de Motivos da Lei de Turismo do 2011, aliénanse os obxectivos da norma galega cos perseguidos polo Tratado de Lisboa. Un Tratado que cinxe exclusivamente a actividade turística a conceptos como a competitividade ou o desenvolvemento empresarial. Tamén se indica nesa parte expositiva que a norma Lei de Turismo de 2011 ten en conta as recomendacións do Ditame do Comité das Rexións 2009/C 200/03, que incide na importancia deste sector na economía galega e na necesidade de procurar a calidade e a excelencia turística para acadar unha maior rendibilidade económica pero reforzando o papel social do turismo.

Porén, esa dimensión social do turismo, que serviría de panca para distribuír riqueza, infraestruturas e servizos ao longo de todo o país (reequilibrio territorial e cohesión social), non atopou acubillo nin respaldo nas políticas implementadas polo goberno galego nos últimos 12 anos. Como tampouco acadaron esas políticas o obxectivo que se marca a lei de fomentar os criterios de sustentabilidade en todas as accións de desenvolvemento turístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cambio de paradigma provocado pola maior sensibilización co cambio climático fai necesario transformar o sector de acordo cos obxectivos marcados polo Tratado de París e facer que contribúa de maneira efectiva á acción polo clima. É urxente a redefinición do modelo e estratexia turística de Galiza, adaptándonos de maneira real á Declaración de Glasgow.

Polo tanto, é evidente a necesidade dunha nova Lei de Turismo de Galiza que poda abordar estes desafíos e proporcionar un marco regulador actualizado e adaptado á realidade turística actual de Galiza. Esta nova lei deberá centrarse en promover un turismo sustentable e responsable, protexendo os dereitos dos residentes locais, preservando o medio ambiente e garantindo unha experiencia turística de alta calidade

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Considera o goberno galego que a actual Lei de Turismo de Galiza constitúe o marco regulador axeitado para a realidade turística actual de Galiza?

Considera o goberno galego que as políticas de turismo implementadas nos últimos 12 anos cumpriron cos obxectivos marcados na Lei de Turismo de Galiza?

Considera o goberno galego que o actual modelo turístico xera problemáticas no noso país?

Considera o goberno galego que o actual modelo turístico galego se adapta de maneira real á Declaración de Glasgow?

Considera o goberno galego que a estratexia turística de Galiza se debe adaptar á Declaración de Glasgow? Adoptouse algunha medida neste sentido? Cales?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que é necesario mudar o actual modelo turístico?

Como analiza o Goberno galego a realidade turística na Galiza? Que datos emprega?

Fai o Goberno galego unha análise científica de todo tipo de datos relativos ao turismo galego?

Como planificar a actividade turística o goberno galego?

Como xestiona os fluxos?

Regula as actividades turísticas o goberno galego? Se a resposta é positiva, con que criterios?

En base a que criterios implementa servizos e infraestruturas turísticas no territorio?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/05/2025 11:24:29

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 11:27:08

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 11:27:16

Carmela González Iglesias na data 07/05/2025 11:27:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2025 11:27:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o desenvolvemento das medidas previstas no Plan de xestión do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 11 de abril de 2025 a Xunta publicou no DOG a Resolución do 3 de abril pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os reximes especiais por especies durante a tempada 2024/2025.

Esta resolución ten como único obxectivo a xestión do lobo desde o punto de vista cinexético, como especie cazábel, logo de que se publicase no BOE a lei 1/2025 de prevención e o desperdicio alimentario na que se inclúe na disposición derradeira décimo novena a exclusión do lobo ibérico da listaxe de especies silvestres en rexime de protección especial. A consellaría de medio ambiente (Dirección Xeral de Patrimonio Natural) levanta deste xeito a veda á caza do lobo, contravindo o previsto no Plan de xestión para os meses de reprodución da especie.

Queda claro con esta iniciativa do goberno a visión reduccionista, simplista, demagóxica e populista do PP, que pretende converter o lobo no chivo expiatorio co que ocultar os graves problemas que atravesamos o medio rural.

Chama a atención que a Xunta leve quince anos incumprindo o Plan de xestión do lobo que se publicou no DOG en xaneiro de 2009, que contemplaba máis de 50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas que na súa maioría non se aplicaron. Ou que se aplicaron de maneira insuficiente e ineficaz, como as medidas de prevención dos ataques do lobo ou as medidas de compensación dos danos.

Ademais de desenvolver as previsións do Plan de xestión, é necesario que se inicie o proceso de actualización do plan dacordo coa situación actual da especie e coas previsións da estratexia estatal.

Ao mesmo tempo, é imprescándibel que por parte da Xunta se doten os orzamentos necesarios para desenvolver todas as medidas previstas, e que se demanden achegas orzamentarias do Estado e da UE para garantir a conservación da especie e a convivencia coas actividades do medio rural.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón a Xunta non aplicou a maior parte das medidas previstas no Plan de xestión do lobo?

Vai o goberno galego poñer en marcha as medidas do Plan de xestión que aínda non foron aplicadas?

Vai a Xunta ampliar os orzamentos destinados á conservación da especie a mellorar a convivencia entre o lobo e actividade gandeira?

Vai o goberno galego demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandería en extensivo, da conservación da biodiversidade e da convivencia do lobo coa actividade gandeira, de maneira que se reconeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 07/05/2025 13:29:48

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/05/2025 13:32:25





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O desenvolvemento de infraestruturas de calidade que melloren a conectividade é fundamental para garantir o progreso e benestar da sociedade galega. Unha boa conectividade contribúe á redución das desigualdades entre rexións e é unha condición necesaria para garantir a cohesión social e para lograr unha igualdade real de oportunidades entre todos os cidadáns de Galicia. A existencia de vías de acceso adecuadas en todo o territorio, non só é importante para mellorar de maneira considerable as oportunidades de desenvolvemento das zonas máis afastadas dos grandes núcleos urbanos, senón que tamén é crucial para elevar a calidade de vida dos seus habitantes. O investimento en infraestruturas de transporte adecuadas, favorece o impulso económico destas zonas, facilita o acceso aos servizos públicos por parte dos seus habitantes e contribúe a evitar o despoboamento, un dos principais desafíos aos que se enfrontan varias rexións de Galicia na actualidade.

Un proxecto que é fundamental para facer fronte a estes desafíos na Mariña Lucense é a construción dun tramo ao Concello de Viveiro, na Vía de Alta Capacidade Costa Norte. O proxecto de Vía de Alta capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao (VAC Costa norte) foi anunciado no ano 2001. As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove.





Despois de tantos anos de atraso, construír unha variante que enlace o Concello de Viveiro co resto do territorio galego a través da VAC Costa Norte, é algo que non pode seguir esperando. Isto é crucial para avanzar na conectividade da provincia de Lugo e sobre todo para poñer fin á situación de parálise urbanística que enfronta Viveiro e para darlle respostas a un territorio historicamente aillado.

Un dos aspectos nos que a falta de infraestruturas e de vías de comunicación adecuadas xera consecuencias negativas, é na evolución demográfica dun territorio. Isto obsérvase de forma clara se se analizan as cifras da evolución demográfica de Viveiro. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, hai 20 anos, en 2005, Viveiro tiña un total de 15.505 habitantes, mentres que na última medición do ano 2024 rexístranse 15.217 habitantes. Isto mostra que a poboación de Viveiro tivo unha caída de 1,85 % nos últimos 20 anos, unha cantidade que pode parecer reducida, pero que contrasta co crecemento poboacional doutros Concellos da Mariña Central, como Burela e Foz.

Ademais, se se ten en conta que a construción deste tramo leva anos de atraso, é aínda máis necesario que a Xunta de Galicia estableza a construción deste tramo da VAC Norte como unha das súas prioridades. A débeda cos veciños leva moito tempo e non se pode seguir demorando porque isto condena a esta parte da Mariña a un absoluto illamento. No ano 2006 aprobouse un trazado da VAC por Viveiro e ademais fíxose de forma consensuada coa veciñanza e foi aprobado polos plenos do Concello e Deputación con todos os informes e estudos de impacto ambiental necesarios. Con todo, a nova administración da Xunta de Galicia deixou de lado o proxecto e o 5 de agosto de 2010, enviou ao Concello para a súa exposición pública, un novo proxecto con un novo trazado que aprobou de forma unilateral, contrario ao consensuado coa comunidade. Como consecuencia deste cambio de proxecto, o Consello de Viveiro tivo que adaptar o seu Plan Xeral de





Ordenación Municipal (PXOM), que tivo o informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas en marzo do ano pasado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1- Vai a Xunta de Galicia a establecer como unha das súas vías prioritarias a construción do tramo da VAC Norte ao Concello de Viveiro, para rematar esta obra que é tan necesaria para avanzar na conectividade da Mariña Lucense, no menor tempo posible logo de moitos anos de atraso?
2. Cal é o grao de execución actual do Proxecto de Vía de Alta Capacidade Ferrol-San Cibrao?
- 3- Cando prevé a Xunta de Galicia que será realidade a variante Viveiro da DAC Norte?
- 4- Cal é a situación actual doutras variantes da DAC Norte na zona da Mariña Lucense?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 07/05/2025 13:34:30

Carlos López Font na data 07/05/2025 13:34:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a calidade de subministro eléctrico, os indicadores de medida e as indemnizacións que reciben os consumidores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade do subministro eléctrico é o conxunto de características, técnicas e atención e relación cos consumidores e, se é o caso, produtores, requiridas para a subministración de enerxía eléctrica das empresas que desenvolvan actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica.

En canto ás características técnicas, a calidade da subministración eléctrica refírese á continuidade, ao número e á duración das interrupcións, así como á calidade do produto.

En canto ás características da atención e relación cos consumidores e, se é o caso, produtores, refírese ao relativo ao conxunto de información, asesoramento, estudos de acceso, conexión, medición, contratación, facturación, comunicación e reclamación.

A subministración de enerxía eléctrica deberá ser realizada por empresas coas características e continuidade que regulamentariamente o Goberno determine para o territorio español, tendo en conta a diferenciación por zonas a que se refire o apartado seguinte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As empresas de enerxía eléctrica deben de dispor da capacidade técnica necesaria para garantir a calidade do servizo esixida regulamentariamente pola Administración xeral do Estado, na Lei 24/2013.

As empresas eléctricas e, en particular, as distribuidoras están obrigadas, pola mesma Lei do sector eléctrico, a incorporación de tecnoloxías avanzadas na medición e control da calidade da subministración eléctrica.

O Real decreto 1955/2000 establece indicadores individuais e colectivos, así como valores obxectivos para estes indicadores, como desenrolo esixido na lei 24/2013 do sector eléctrico. De feito nesta disposición defínense os índices obxectivos de calidade do servizo, así como os valores entre os que poden oscilar estes índices, que son de obrigado cumprimento tanto a nivel de usuario individual como para cada área xeográfica atendida por un único distribuidor. Estes índices teñen en conta a continuidade da subministración, en relación co número e duración das interrupcións e a calidade do produto en relación ás características da tensión. As empresas eléctricas están obrigadas a facilitar á Administración a información, debidamente auditada, necesaria para a determinación obxectiva da calidade do servizo. Os datos dos citados índices faranse públicos anualmente. A metodoloxía retributiva da actividade de A distribución elaborada pola Administración xeral do Estado incorporará incentivos e sancións en función da calidade do servizo obtido.

Se a baixa calidade da distribución dunha zona fose continua, ou puidese producir graves consecuencias para os usuarios, ou se produciran circunstancias especiais que puidesen pór en perigo a seguridade do servizo eléctrico, a Administración xeral do Estado requirirá que a distribución planifique investimentos. presentados por ditas empresas presentan actuacións que fomenten a mellora da calidade do servizo nos devanditos ámbitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Regulase tamén no RD 1955/2000 as reducións que se aplicarán na facturación a aboar aos usuarios se se constata que a calidade do servizo individual prestado pola empresa é inferior á esixida regulamentariamente.

Pois ben, toda esta regulación establece unha clara discriminación das zonas rurais sobre as zonas urbanas. Así podemos ver como o tempo de interrupción máximo equivalente da potencia instalada incrementase ata un 600% nas zonas rurais dispersas, pasando de 9 horas a 1,5.

Caso semellante é o do indicador sobre o número de interrupcións equivalentes da potencia instalada, onde na zona urbana so se permiten tres interrupcións anuais pola conta na zona urbana dispersa ascende a 12. Un incremento dun 400%.

En cando á medida da calidade do subministro eléctrico individual os indicadores deseñados seguen a mesma tónica ca os zonais; decretando un máximo de 5 horas de interrupción e 10 interrupcións na zona urbana, cando na zona rural dispersa o mesmo indicador ascende a 19 horas 22 interrupcións. O que supón un incremento medio dun 300%.

Tamén cabe sinalar que as interrupcións tidas en conta para medir os NIEPI son aquelas que superan os tres minutos. Sendo este tempo, tres minutos, moi superior á corenta por cento dos cortes que a miúdo se sofren consumidores en baixa tensión, tanto en urbano coma no rural.

En canto ás indemnizacións derivadas do incumprimento dos valores máximos establecidos no RD 1955/2000

O deseño destes indicadores, non equipara aos consumidores que se sitúan no rural, diante dos que se localizan nas áreas urbanas, creando un agravante que unicamente fomenta o despoboamento de zonas, xa de por si deprimidas demograficamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente, manter o tempo mínimo de interrupción en tres minutos, obedece a criterios de calidade anticuados, sen ter en conta os avances tecnolóxicos para evitar esta eiva, ou a afección que estes micro cortes teñen sobre aparellos electrónicos.

No caso das indemnizacións por incumprimento, tanto da calidade zonal coma da calidade individual do subministro, conviven dous factores que podemos considerar anacrónicos, ou canto menos, pouco prácticos e incluso contrarios á súa propia definición.

No ámbito da responsabilidade civil, a indemnización ten como principal obxectivo reparar o dano sufrido polo prexudicado e restituílo á situación na que se atopaba antes de producirse o feito prexudicial.

Por tanto, agardar ao primeiro trimestre do seguinte ano natural, para recibir a indemnización non parece, nun mundo conectado, que sexa a mellor das medidas para garantir o resarcimento, ou restitución dos consumidores afectados.

En canto das cantidades económicas a percibir, en concepto de indemnización por calidade de servizo, o xeito de efectuar os cálculos achegan unha pobre contía ás cantidades das indemnizacións. Este feito supón que moitas reclamacións por calidade de subministro acaben como demandas no Instituto Galego de Consumo, ou nos tribunais de xustiza ordinaria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Coñece a Consellería de Industria o sistema de medida da calidade do subministro eléctrico zonal e individual?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considera xusto a Consellería de Industria que a actual zonificación discrimine o territorio rural contra o urbano na medida da calidade do subministro eléctrico?

3. Vai demandar a Consellería de Industria do Goberno central que modifique estes conceptos para eliminar a discriminación que sofre o territorio rural?

4. Está de acordo a Consellería de Industria co actual sistema de indicadores TIEPI e NIEPI e que non recollan micro cortes que afectan a dispositivos electrónicos?

5. Demandará do goberno central, a Consellería de Industria, que inclúa os micro cortes dentro da avaliación da calidade do subministro eléctrico, así como a redución do tempo mínimo para que unha falla do subministro sexa considerado corte?

6. Entende a Consellería de Industria que as indemnizacións por sobrepasar os índices de calidade son escasos e chegan tarde?

7. Van demandar do goberno central a modificación das indemnizacións por falta de calidade de subministro eléctrico, para que ofrezan verdadeiramente un reparo do mal causado?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 15:45:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2025 15:45:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 15:45:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o Parque Eólico Avoceta Wind.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de febreiro, xusto a xornada despois das eleccións ao Parlamento galego, o DOG publicaba un anuncio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción así como o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Avoceta Wind de oito aeroxeradores e as súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Carballedo, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense promovido pola empresa Avoceta Solar, S.L.U.

Un proxecto que desde o primeiro momento espertou a indignación de boa parte da veciñanza, sobre todo no concello de Carballedo, por proxectar até sete aeroxeradores a moi pouca distancia de vivendas, principalmente na parroquia da Aguada. O proxecto, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, segundo veñen denunciando asociacións ecoloxistas como a Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (Adega).

Estando demostradas as afectacións que este tipo de parques eólicos teñen no territorio, a afectación á flora e fauna, e mesmo á saúde das persoas por mor dos ruídos que producen os muíños, resulta preocupante a actitude do Goberno da Xunta que non parece ter estas cuestións en conta á hora de publicar este tipo de proxectos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Cal vai ser a política en materia eólica da Xunta de Galiza durante a presente lexislatura?
- Que opina a Xunta acerca do proxecto do Parque Eólico Avoceta Wind?
- Preocúpalle ao Goberno galego a escasa distancia dos aeroxeradores a vivendas en Carballedo?
- Que ten previsto facer a Xunta ante as posibles afectacións á saúde da veciñanza por mor dos aeroxeradores?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 07/05/2025 15:50:15

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2025 15:50:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/05/2025 15:50:56

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 15:51:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación do gasoducto Guitriz – Zamora e a súa inclusión no corredor europeo BarMar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hidróxeno verde está chamado a ser un vector enerxético de primeira magnitude. A súa aplicación como almacén enerxético vai xogar un papel significativo, tanto no sector eléctrico, como na mobilidade; pero tamén nas súas aplicacións térmicas mesturado con outros gases.

Galiza, territorio transformado de enerxía, non é allea a este novo actor do sector enerxético, e proba disto son os diversos proxectos de xeración de hidróxeno verde que están proxectados na nosa comunidade, onde destacan as iniciativas de H2 Pole (Reganosa e EDP Renovables), Julio Verne (Autoridade Portuaria de Vigo), A Coruña Green Port H2 Mobility (Enerfin), H2 Galicia (Foresa e Iberdrola) e o plan de produción de hidróxeno verde a partir de fotovoltáica para a área portuaria de Bouzas.

Todos estes proxectos precisan dunha infraestrutura que permita evacuar o hidróxeno xerado cara as redes de distribución que permita comercializar o gas xerado, establecer sinerxías con mercados e clientes potenciais e mesmamente avanzar na investigación e desenvolvemento de novos sistemas de xeración e distribución de hidróxeno.

A Xunta de Galicia, a través de Reganosa, propuxo a creación da interconexión Guitriz – Zamora, a través dun gasoduto que de acceso á rede galega de gasodutos ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiro corredor de hidróxeno renovable da Unión Europea (UE), bautizado como “H2Med” e nomeado agora como “BarMar”. á convocatoria para Proxectos de Interese Común (PCI, polas súas siglas en inglés) co obxectivo de obter financiamento comunitario.

Logo da venda dos activos de distribución gasista de Reganosa a Enagás, esta última adquiriu o compromiso da promoción do gasoducto Guitiriz-Zamora, mesmamente aínda que este non se inclúa nos proxectos PCI, e así figura na páxina web da compañía: <https://www.enagas.es/es/sala-comunicacion/actualidad/notas-prensa/hidroducto-guitiriz-zamora/>

*Después de que este proyecto fuese presentado a la convocatoria de PCI por Reganosa en diciembre de 2022, las dos compañías cerraron un acuerdo en septiembre de este año 2023 por el que **Enagás ha pasado a ser el promotor del eje Guitiriz-Zamora**. La compañía continuará impulsando y desarrollando los trabajos necesarios para poner en marcha el proyecto de este hidroducto, al mismo tiempo que el resto de los ejes de la Red Troncal Española de Hidrógeno.*

Enagás promoverá el desarrollo de proyectos como el de Guitiriz-Zamora y otros, que tras el análisis de los resultados de la Call For Interest, se consideren necesarios en la Red Troncal Española de Hidrógeno para atender la demanda nacional en España, independientemente de su inclusión en la lista de PCI.

O Regulamento (UE) 2022/869 establece un marco para a determinación, planificación e execución dos proxectos de interese común ("PIC") necesarios para implantar os once corredores xeográficos prioritarios de infraestruturas enerxéticas estratéxicas determinados nos ámbitos da electricidade, redes marítimas, hidróxeno e electrolizadores, e os tres ámbitos prioritarios das infraestruturas enerxéticas a nivel da Unión (redes eléctricas intelixentes, redes de gas intelixente e redes de transporte de dióxido de carbono). Tamén establece un marco para a identificación, planificación e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución de proxectos de interese mutuo ("PIM") desenvolvidos pola Unión xunto con terceiros países nos ámbitos das redes de transporte de electricidade, hidróxeno e dióxido de carbono.

Este regulamento foi modificado polo Regulamento Delegado (UE) 2024/1041 Da Comisión dende o 28 de novembro de 2023, no que se refire á lista da Unión de proxectos de interese común e proxectos de interese mutuo. Esta Regulamento Delegado non inclúe o gasoduto Guitiriz – Zamora como Proxecto de Interese Común.

Diante da constatación da falla de financiamento europeo, para a construción desta infraestrutura clave no desenrolo do hidróxeno verde en Galiza, así como da falta de información fiable sobre os acordos Reganosa – Enagás compre ter a certeza sobre do futuro deste gasoduto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Que medidas adoptou, ou vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a construción do hidroduto Guitiriz-Zamora?

. Cales son os termos do acordo entre Reganosa e Enagás para a promoción e construción do hidroduto Guitiriz-Zamora?

. Baralla a Xunta de Galiza algunha outra alternativa ao hidroduto Guitiriz-Zamora, para a interconexión da rede galega de gasodutos coa rede BarMar?

. Está algún, ou algúns dos proxectos de xeración de hidróxeno verde proxectados en Galiza condicionado á existencia de conexión coa rede BarMar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 15:54:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2025 15:54:27

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 15:54:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o fomento de comunidades enerxéticas de base cidadá na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción, distribución e consumo é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado. A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que xera beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves perxuízos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos sectores económicos, nas pemes, e nos fogares.

Dende o BNG defendemos cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica. Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao de socialización e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético cidadán. Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as “comunidades enerxéticas”. Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das “comunidades enerxéticas locais” e as figuras xurídicas das “comunidades de enerxías renovábeis” (2018) e das “comunidades cidadás de enerxía” (2019). Estas entidades defínense como “calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local”. Estas figuras xurídicas foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto lei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifican determinados aspectos da Lei 24/2013 do sector eléctrico). No citado RD 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como “entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras”. As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

- Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.
- Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.
- Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía, e potencialmente distribución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha “Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais” non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regularlas.

Debido a esta indefinición legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar o baleiro legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica de 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo; 2 km no caso de que a instalación sexa sobre cuberta. O límite administrativo de 100 kW para a tramitación de instalación en réxime simplificado, constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas. Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

- a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW
- b) A simplificación dos trámites administrativos
- c) A supresión de cargos e peaxes nas modalidades fora do autoconsumo.
- d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes, e aplicación do balance neto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ámbito galego, as comunidades de montes en mancomún dirixíronse ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das “comunidades enerxéticas”, xa que coa actual regulación non poden actuar como tales.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel das comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están literalmente ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

No caso do goberno galego, debe impulsar por si propio e tamén en colaboración con concellos, con cooperativas, con pemes e con organización sociais un gran proxecto de país para a información, a formación, o asesoramento e o impulso de proxectos de comunidades enerxéticas.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Que iniciativas levou a cabo o goberno galego para demandar a aprobación por parte do goberno central do decreto regulador das comunidades enerxéticas?

. Trasladou a Xunta algunha proposta ou demanda concreta para a súa inclusión no instrumento de regulación de comunidades enerxéticas?

. Apoia o goberno galego o recoñecemento das comunidades de montes en man común como comunidades enerxéticas?

. Trasladou algunha demanda neste sentido ao goberno central?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2025 15:58:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2025 15:58:51

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 15:59:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación da ampliación do polígono de Ribadavia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ribadavia é unha vila da comarca do Ribeiro que é absolutamente estratéxica para o desenvolvemento económico desta e do resto de comarcas de Ourense. A súa conexión por autovía e a proximidade tanto ao enclave industrial San Cibrao-Pereiro, a Vigo ou a Portugal convértena nunha ubicación idónea para a localización de tecido económico, ao que contribúe tamén o seu liderado vitivinícola.

Porén, a falta de planificación económica, industrial e de ordenación do territorio da Xunta de Galiza fan que este potencial non estea suficientemente aproveitado e que se dilaten investimentos necesarios, como é a dotación suficiente de chan industrial.

Xa no ano 2019 a Xunta anunciaba a creación dun grupo de traballo, que non chegaba a verificarse. En xuño de 2020, a daquela conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinaba co alcalde de Ribadavia, César Manuel Fernández Gil, un protocolo de colaboración do Instituto Galego de Vivenda e Solo para a ampliación do Polígono empresarial desta localidade para poñer a disposición máis de 50.000 m2 neste parque empresarial de Ribadavia no que sería a terceira fase deste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polígono empresarial, cuxas fases unha e dúas xa estaban completamente executadas e que non quedaba, nese momento, segundo a propia Xunta, ningunha parcela dispoñible.

Porén, catro anos despois, non se avanzou nesta cuestión. É máis, en decembro de 2023 a entón aínda conselleira visitaba Ribadavia e os responsables políticos facían amnesia dese proxecto, pois afirmaba literalmente o goberno galego na súa comunicación que *“Noutra orde de cuestións, a vicepresidenta e o alcalde abordaron tamén as necesidades municipais en materia de solo empresarial. En concreto, Ángeles Vázquez comprometeuse a que a partir do primeiro trimestre de 2024 se porá á disposición dos empresarios da zona as parcelas que aínda están dispoñibles nas dúas primeiras fases do polígono industrial de Ribadavia.*

En todo caso, acordaron estudar a posibilidade de incrementar a superficie da actual área empresarial mediante o desenvolvemento dunha nova ampliación, na que podería colaborar a Xunta.”

É preciso, polo tanto, aclarar esta situación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Abandonou o goberno o seu compromiso de executar a terceira fase do polígono industrial de Ribadavia?

Existe ou existiu algunha memoria económica que xustifique as súas decisións respecto da ordenación desta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal foi o resultado do convenio asinado no 2020 entre Concello de Ribadavia e Xunta?

Cales son os problemas para levalo adiante? Existen dificultades canto á accesibilidade ou risco de anegar? En que porcentaxe dos terreos?

Que solución se valora ante a falta de chan industrial?

Deron resultados as actuacións anunciadas en 2023?

Cal é o nivel de ocupación actual? Manexa a Xunta prospeccións cara a próxima década?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2025 16:03:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2025 16:03:45

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 16:04:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesaria actuación proactiva do goberno galego ante o cambio de paradigma na demanda turística provocado polo cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos insistindo nun modelo turístico que impide xestionar e aproveitar os moitos recursos que neste eido ten Galiza. Un modelo “xacobeo-centrista”, que bate de fronte cos principios de diversificación e sostibilidade que deberen rexer un modelo turístico respectuoso coas comunidades locais receptoras, que mellore a conectividade interior e exterior, ao tempo que xere emprego estable e non precario.

Alén dos efectos e externalidades negativas provocadas por esa concepción limitada e limitante do turismo que ten o Goberno galego do Partido Popular (que desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos denunciando), a industria do turismo galego pode enfrontarse a medio-longo prazo a unha tensión considerable e crecente debido ao cambio climático.

É un feito constatado que as condicións climáticas afectan de xeito importante á demanda turística. Hai un claro patrón norte-sur nos cambios da demanda turística, coas rexións do chamado “norte” beneficiándose deses cambios no clima, mentres o “sur” afronta reducións significativas na demanda turística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De momento, os grandes destinos “clásicos” do litoral seguen á cabeza na facturación por actividade turística, pero xa se observan cambios na tendencia: é certo que medra a facturación, por exemplo, na Illas Baleares (incrementan un 26%, datos Exceltur) pero ocupan o segundo e terceiro posto Asturias e Euskadi. Galiza, aínda que lonxe dese incremento, sitúase xa por riba do 15% de incremento de facturación.

Se o cambio climático vai influír decisivamente nos fluxos turísticos, debemos estar preparados. Este cambio de paradigma pode constituír unha oportunidade para a industria turística galega, pero fai imprescindible, ao tempo, afrontar o cambio de modelo actual. A sostibilidade (real), a diversificación da oferta e a desestacionalización deben ser o obxectivo da acción da política turística da Xunta de Galiza. Alén dun necesario proceso de decantación que nos permita elixir o perfil turístico do visitante: calidade fronte a cantidade.

De non facelo, este cambio de paradigma motivado polo cambio climático acabará por afondar nas externalidades negativas do modelo turístico fomentado polo Partido Popular nos seus anos de goberno e que xa se manifestan no noso país: masificación en zonas costeiras e unha xentrificación que amosa as súas consecuencias máis evidentes en Santiago de Compostela.

Evitar que ese cambio de tendencia e fluxos turísticos motivado polo cambio climático agudice os problemas asociados ao actual modelo esixe planificación por parte do goberno galego. E para esa planificación é imprescindible ter unha “foto completa” da situación actual: información e coñecemento da realidade do sector.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que o cambio climático vai influír nos fluxos turísticos a medio-longo prazo?
- Considera o goberno galego que o cambio das preferencias turísticas por mor do clima poden supoñer un aumento da facturación da actividade turística no noso país?
- Considera o goberno galego que o actual modelo turístico é o punto de partida axeitado para afrontar o cambio de paradigma que se vai dar na actividade turística galega por mor do cambio climático?
- Considera a Xunta de Galiza que o actual modelo turístico xera externalidades negativas?
- Considera o goberno galego que fenómenos como a masificación de determinadas zonas do país e fenómenos negativos como a xentrificación poden agudizarse co aumento da actividade turística?
- Considera o goberno galego que ese cambio de patrón norte-sur nas preferencias turísticas por mor do clima xa é perceptible no plano do Estado español e, nomeadamente, na Galiza? Ten feito o goberno galego algún estudo neste sentido?
- Considera o goberno galego que ese cambio de patrón norte-sur nas preferencias turísticas pode estar detrás da presión inmobiliaria e tensión no mercado de aluguer da vivenda que sofren determinadas zonas costeiras do noso país?
- Conta o goberno o Goberno galego con algún tipo de estudos ou informes sobre a procedencia e porcentaxe dos adquirentes de vivendas vacacionais (segundas vivendas) ou sobre a porcentaxe de poboación non local que aluga durante todo o ano nas zonas costeiras onde existe tensión no mercado da vivenda?
- Conta o Goberno galego con algún instrumento que permita analizar e monitorizar a actividade turística para así ter unha visión global da situación e evolución da industria turística galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/05/2025 16:09:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2025 16:09:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a posta en marcha dun Plan de Reactivación Industrial e Produtivo da Comarca de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo e a súa área levan sendo historicamente un motor económico e produtivo de Galiza, onde a industria xoga un papel fundamental como tractor da súa economía.

O sector industrial na cidade chegou a representar o 27% do PIB, onde empregou a unha grande parte dos vigueses e das viguesas e, hoxe en día, está en caída libre pola falta dunha política industrial á altura da maior, e máis industrial, cidade do país.

Nesta área que é pulo produtivo do país, cómpre sinalar dous elementos tractores da súa industria. Por unha banda, o sector da automoción, con Stellantis como empresa matriz que emprega a máis de 7000 persoas (un 30% menos do que representaba hai 15 anos) e existe nun ecosistema con preto de 150 empresas auxiliares que lle prestan servizo. Por outro lado o sector naval, noutro orgullo e identidade dunha cidade, con estaleiros de renome como Barreras, Freire, ou o desaparecido Vulcano, onde o traballo que xeran conxuntamente coa industria auxiliar apenas supera o millar de empregos fronte aos preto de 10 mil que chegou atinxir na primeira década dos anos dous mil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais estes sectores levan experimentando a perda de proxección, competitividade e emprego, todo isto ante a pasividade da Xunta de Galiza, que se nega a exercer as súas competencias en materia industrial e leva os últimos 15 anos botando balóns fóra e tendo como única proposta en materia económica e industrial para a cidade de Vigo a promoción do Xacobeo.

Esta falta de responsabilidade para coa maior cidade do país e a súa comarca déixanos datos tan alarmantes como a destrución na cidade máis de 7000 empregos industriais dende o 2009, que haxa que remontarse a 2008 para celebrar a implantación dalgunha fábrica de automoción ou que o sector naval represente hoxe pouco máis do 10% do emprego respecto a cando o Partido Popular chegou á Xunta.

Estase vendo como cada vez máis empresas deslocalizan factorías, produción e emprego cara Portugal e cara o norte de África, é preocupante como non hai noticias sobre alternativas nin sobre liñas de actuación para garantir que se manteña o emprego na automoción, cando no horizonte de 2035 acabe por se prohibir a venta de automóviles de combustión, e é inxustificable como o emprego que se xera na área de Vigo é cada vez máis eventual e de peor calidade, como así levan denunciando os principais sindicatos do país.

Así mesmo tense constatado, nomeadamente no sector naval de Vigo, a incapacidade do capital privado para desenvolver as enormes potencialidades que neste ámbito ten a bisbarra viguesa, polo que se torna fundamental o despregamento dunha enérxica intervención pública que blinde o futuro do sector industrial, asentando a produción e o emprego no noso territorio.

Cada vez a industria ten menos peso na Comarca de Vigo en beneficio dos servizos, sector que gaña terreo no solo empresarial en polígonos e onde as condicións laborais son peores, o emprego máis precario e a duración dos contratos escasa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante todo isto, é preciso que a Xunta de Galiza asuma as súas responsabilidades en materia industrial, que sexa un actor activo e, que a través do diálogo con sindicatos, patronal, universidades e axentes de cada sector, estableza un plan claro e definido co obxectivo de devolver o peso industrial e o emprego de calidade que permita que a área de Vigo se volva configurar como o potente pulmón produtivo da Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que medidas ten pensado levar a cabo o goberno galego para incrementar o peso da industria arredor do 25%?
- Que medidas ten pensado despregar o goberno galego para atallar a deslocalización de empresas cara Portugal ou o Norte de África entre outros?
- Que estratexias ten pensado desenvolver o goberno galego para garantir o emprego de calidade nos sectores estratéxicos da área de Vigo?
- Que medidas ten previsto adoptar o goberno o galego para blindar a continuidade na comarca de Vigo de actividades estratéxicas como a automoción e a construción e reparación naval?
- Que accións vai tomar o goberno galego para facilitar o acceso das empresas dos sectores estratéxicos da área de Vigo a fondos comunitarios e estatais?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2025 16:14:24

Carmela González Iglesias na data 07/05/2025 16:14:44

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2025 16:14:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a admisión a trámite do recurso de Fergo Vento Galicia polos danos e prexuízos causados pola anulación xudicial do parque da serra do Oribio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O TSXG admitiu a trámite o recurso interposto pola empresa Fergo Galicia Vento S.L. contra a Xunta de Galiza, á que reclama case 46 millóns de euros polos danos e prexuízos derivados da anulación polo Tribunal Supremo da autorización concedida polo goberno autonómico para a construción do proxecto do parque eólico Serra do Oribio, situado nos concellos de Samos e Triacastela. Esta anulación é unha decisión xudicial firme, despois de que o Tribunal Supremo ratificase a sentenza da Sala do Contencioso-administrativo do TSXG.

Logo de que a Xunta non atendese a reclamación presentada pola empresa en setembro do 2023, na que demandaba unha indemnización de 10.131.317 euros en concepto de dano emerxente ou perda patrimonial, e de 35.656.963 euros como lucro cesante, Fergo presentou un recurso contencioso administrativo que foi admitido a trámite polo TSXG.

Cómpre lembrar que o parque eólico da serra do Oribio foi anulado polo TSXG -sentenza ratificada polo Supremo- por estar en zona de Rede Natura e pretender a Xunta dar por válida unha Declaración de Impacto Ambiental caducada. A empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promotora xa comezara as obras provocando unha importante desfeita nun espazo de grande valor ambiental.

Nas paralizacións cautelares de parques eólicos por parte da sección terceira da sala do contencioso-administrativo, argumentase que a paralización temporal é un mal menor en comparación co custo económico que tería para as arcas públicas no caso de que con posterioridade á construción se declarase a súa ilegalidade, xa que podería suponer o deber de demolición e de indemnización á empresa promotora.

En relación coas suspensión cautelares solicitadas, relacionadas con 35 parques eólicos, en 31 casos aprobouse a paralización cautelar (Ventumelo, Porto Vidros, Banzas, Monte Neme, Zamorra, Touriñán II, Felga, Rodeira, O Cerqueiral, Chao do Marco, Monte Peón, As Encrobas, Pico Seco, Serra do Faro Ampliación II, As Penizas, Figueiras, Reboiro, Alto da Telleira, Troitomil, Outeiro Grande, Rodicio II, Alto de Montouto, Meirama, Monte da Croa, Gato, Cunca, Serra do Farelo, Maxal, Serra do Colmo, Uxo e Castro Valente) e en catro desestimouse (Vilartoxo, Neboada, Monte do Cordal e Seselle).

Esta situación é consecuencia da inseguridade xurídica creada pola Xunta logo de continuos cambios na normativa de tramitación e aprobación dos proxectos, e podería derivar nalgúns casos na reclamación de indemnización millonarias no caso de que fosen finalmente anulados.

Mais non estamos diante dunha situación nova. Nos últimos anos asistimos a unha sucesión de sentenzas que condenaron á administración galega ao pagamento de indemnización derivadas da anulación do concurso eólico de 2008, que suman xa máis de 5 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que valoración fai a Xunta do auto do TSXG que admite a trámite a reclamación de case 46 millóns de euros por parte da empresa promotora do parque eólico da serra do Oribio?
2. Que medidas adoptou ou ten previsto adoptar a Xunta para a restauración ambiental e paisaxística da zona da serra do Oribio afectada polas obras de construción do parque eólico?
3. Como valora o goberno galego as consecuencias derivadas da inseguridade xurídica creada polas numerosas modificacións normativas que promoveu?
